



Concello de Vigo
Expte. 3675/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 21/2021

SESION ORDINARIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 30 de novembro e extraordinaria do 14 de decembro de 2022.

Ditames das comisións informativas:

FOMENTO, SERVIZOS, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- 2.** Inadmisión da solicitude formulada polo Concello de O Porriño de Revisión de Oficio do Acordo Plenario do Concello de Vigo, de 27 de xaneiro de 1998. Expte. 1492/441 (Expte. Pleno 3655/1101)

URBANISMO

- 3.** Aprobación definitiva do Estudio de Detalle para World Car Center. Expte. 18423/411 (Expte. Pleno 3656/1101).

Mocións:

- 4.** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a atender as demandas da industria de automoción viguesa, asignando fondos do PERTE do automóbil e incluír na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de Moi Alta Tensión. Expte. 3680/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á consellería de Sanidade a adopción inmediata dun Plan de Choque que mellore a calidade asistencial na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 1 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

área Sanitaria de Vigo, dotándoa de medios económicos, materiais e humanos. Expte. Pleno 3681/1101.

6. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que asuma o financiamento íntegro do Centro Integral de Inclusión de Emerxencia Social do Concello de Vigo (Albergue), no exercicio das competencias que lle son propias. Expte. 3682/1101.

PARTE DE CONTROL

7. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 22.11 ao 19.12.22. Expte. 1336/1102 (Expte. Pleno 3673/1101)
8. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 22.11 ao 19.12.22. Expte. 1337/1102 (Expte. Pleno 3674/1101)
9. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 22.11.22, de delegación na concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do Noveno programa para arrombar medianeiras. Expte. 11018/307 (Expte. Pleno 3657/1101).

Mocións.

10. Moción do concelleiro membro non adscrito en favor do benestar animal na cidade. Expte. Pleno 3679/1101.
11. Moción do grupo municipal Mixto instando a garantir os dereitos laborais na contratación pública e o seguimento do cumprimento dos pregos concesionais. Expte. Pleno 3676/1101.
12. **Formulación de rogos.**
13. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguíar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino Carlota
Egerique Mosquera Teresa
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 2 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e oito de decembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(234). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 30 DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 14 DE DECEMBRO DE 2022.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constituén de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria do 30 de novembro, extraordinaria do 14 de decembro de 2022.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 3 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.(235). INADMISIÓN DA SOLICITUDE FORMULADA POLO CONCELLO DE O PORRIÑO DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO PLENARIO DO CONCELLO DE VIGO, DE 27 DE XANEIRO DE 1998. EXPTE. 1492/441 (EXPTE. PLENO 3655/1101)

ANTECEDENTES: Con data 30 de novembro, o técnico de Admón. Xeral e mais o Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, co conforme de concelleiro delegado de Fomento, emiten a seguinte proposta,

“ANTECEDENTES:

1º. Con data 12 de marzo de 2015 o concello de O Porriño presentou ante esta Administración municipal escrito no que solicitaba a revisión de oficio do acordo adoptado polo Pleno do concello de Vigo, de data 27 de xaneiro de 1998, no que se aproba a tarifa pola subministración de auga aos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e se determina a cifra esixible ao concello de O Porriño.

2º. Dos antecedentes da dita resolución plenaria importa recoller aquí, no que ao concello de O Porriño se refire, o que segue:

«Unha situación administrativa distinta, á daqueles concellos que subscribiron contrato de subministración, é a que representa o concello de O Porriño (...).

Por Resolución do Ministerio de Obras Públicas (Subdirección Xeral de Obras Hidráulicas) de data 31 de xullo de 1962 autorízasele ó Concello de Vigo para o aproveitamento das augas do río Oitaven, mediante a construción dun encoro regulador de 6 millóns de m³ no lugar de Eiras. O volume medio anual que se poderá derivar é de 1000 litros/segundo, cun medio diario máximo de 1500 litros/segundo.

A aludida Resolución do Ministerio de Obras Públicas está en perfecta consonancia coa demanda prevista na memoria do proxecto técnico do encoro regulador de Eiras, establecéndose no seu apartado 3.4 "A demanda que se lle esixe ó encoro de Eiras, definida no prego de bases, é a seguinte:

- 1'5 m³/seg. para o abastecemento a Vigo*
- 0'5 m³/seg. para o abastecemento ó Polígono Industrial do Porriño.*
- 0'5 m³/seg. para restitución regos e forza motriz".*

(...)

Con independencia do exposto con anterioridade, a Resolución adoptada polo Ministerio de Obras Públicas non se pronuncia con relación ás tarifas que deberán aboa-los usuarios finais do abastecemento (doméstico e industriais) nin por aqueles outros consumidores que resulten beneficiados pola cesión do caudal. A ausencia de pronunciamento neste sentido é coherente co principio de autonomía municipal, ámbito administrativo no que se deberá decidi-los prezos ou tarifas, e isto sen prexuízo de somételos posteriormente á aprobación definitiva do Órgano da Comunidade Autónoma que teña atribuída competencia na materia.

En calquera caso as relacións entre o Concello de O Porriño e o Concello de Vigo, como consecuencia do aproveitamento do caudal, non poden incluírse no marco de aplicación dunha tarifa establecida con carácter xeral (caso dos demais Concellos subministrados) senón que deben responder ó deseño dun escenario de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 4 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

corresponsabilidade pactado, que propicie unha asignación proporcional dos custos de explotación da canle, gastos de vixilancia da presa e recuperación dos investimentos comprometidos.

A persistencia na situación actual e, en consecuencia, a non esixibilidade daqueles gastos ocasionados polo mero feito de conducí-lo caudal concedido ó Concello do Porriño, significaría consolidar unha clara situación de agravio comparativo dos usuarios da cidade de Vigo con respecto aos doutros Municipios.

Co fin de que o Concello-Pleno poida dispoñer dos suficientes elementos de xuízo para a valoración dos custos esixibles ó Concello do Porriño, o funcionario informante efectuou a seguinte valoración».

Consta a continuación, na parte expositiva do acordo plenario, a avaliación da cifra que a Administración municipal de Vigo considera esixible do concello de O Porriño, por razón dos (i) custes de recuperación do investimento da canle de Eiras, que subministra tamén a auga ao concello de O Porriño e a súa repercusión ao concello de O Porriño en 7,20 pts./m3; (ii) a vixilancia do encoro de Eiras e a súa repercusión anual ao concello de O Porriño en 3.817.409 pesetas; e (iii) o mantemento e conservación da canle e a súa repercusión anual ao concello de O Porriño en 3.297.500 pesetas.

E así, na parte dispositiva da resolución plenaria, no que ao concello de Porriño se refire, o Concello-Pleno de Vigo acordou:

«2ª.- Declarar esixible ó Concello de O Porriño, con efectos do 1 de xaneiro de 1998, as cantidades que a continuación se indican, en concepto de participación nos custos da Canle e Encoro de Eiras, como consecuencia da explotación da concesión administrativa compartida co Concello de Vigo:

*Recuperación do investimento. 7'20 pts./m3
(A dita recuperación facturarase con carácter bimensual, de acordo co volume facturado -procedente de Eiras- no ano inmediato anterior ou, no seu defecto, no último no que se dispoña de información).*

*Vixilancia do Encoro de Eiras (96)..... 3.817,409
(A referida cantidade será prorrateable, con carácter bimestral e actualizarase de conformidade cos aumentos que reflicte o convenio colectivo do exercicio inmediato precedente).*

*Mantemento e conservación da, canle 3.297.500
(Esta cifra será prorrateable con carácter bimestral e de conformidade coas variacións que exerimente o IPC)».*

3º. A petición do concello de O Porriño de revisión de oficio deste acordo plenario do concello de Vigo foi obxecto dun completo e detallado informe, de data 4 de xuño de 2015, asinado pola Técnica xurídica da Dirección de Ingresos, co conforme da titular da Asesoría Xurídica municipal, do seguinte tenor:

«ANÁLISE DA SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO PLENARIO DO 27/1/1998 PRESENTADA POLO CONCELLO DO PORRIÑO NO MARCO DOS ANTECEDENTES DE FEITO E XUDICIAIS EXISTENTES,

*Emítase o presente **INFORME XURÍDICO** para analizar a solicitude de revisión de oficio presentada polo Concello do Porriño en data 12/03/2015 (número de documento 150030092) do acordo plenario do 27/1/1998, no marco dos antecedentes de feito e*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 5 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xudiciais existentes (que se unen como anexo documental).
E neste contexto, se indica que:

Primeiro.- O ABASTECIMENTO DE AUGA COMO SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO.

Con carácter introdutorio, compre indicar que a lexislación de réxime local atribúe aos Concellos, como servizo municipal obrigatorio, o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985.

Non obstante o anterior, é necesario e imprescindible dispor das oportunas infraestruturas para a efectiva prestación do servizo.

No ciclo integral urbano da auga distínguense, xunto co saneamento, a depuración e a rexeneración, dúas actividades perfectamente diferenciadas: o abastecemento de auga en alta ou aducción, que inclúe a captación, o alumeamento e o embalse dos recursos hídricos, o tratamento da potabilización, o transporte por arterias e o almacenamento en depósitos reguladores de cabeceira dos núcleos de poboación e o abastecemento de auga en baixa, integrado pola distribución, o almacenamento intermedio e o subministro de auga potable ata as instalacións propias para o consumo por parte dos usuarios.

O Concello de Vigo, termo municipal cabeceira da área metropolitana, mantén relacións cos concellos limítrofes en materia de augas. En concreto cos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e co Concello do Porriño. Se trata de relacións diferenciadas. Aos Concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior o Concello de Vigo subministra a auga e en relación co Concello do Porriño, o Concello de Vigo aproba liquidacións bimensuais en concepto da participación nos custos da canle e Encoro de Eiras. Polo tanto, convén deixar sentado que o Concello de Vigo non presta o servizo de abastecemento de auga á poboación do Concello do Porriño, senón que se limita ao subministro de "auga en alta" a este Concello, a través dunha infraestrutura (Canle de Eiras) custeada integramente polo Concello de Vigo.

Segundo.- DA REALIZACIÓN DO ENCORO DE EIRAS POLO CONCELLO DE VIGO TRAS A CONCESIÓN OUTORGADA A VIGO POLO MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS.

No concreto caso de Vigo, no ano 1962, o Ministerio de Obras Públicas, mediante Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas do 31/7/1962 (publicada no BOE número 197 do 17/8/1962) autorizou ao Concello de Vigo para o aproveitamento das augas do Río Oitavén, mediante a creación dun encoro regulador duns seis millóns de metros cúbicos nas proximidades do lugar de Eiras, con destino á ampliación do abastecemento de auga á cidade.

Tal concesión outorgouse a perpetuidade e tiña unicamente como beneficiario da autorización ao Concello de Vigo.

O financiamento quedou establecido do seguinte xeito: o Estado subvencionou o 37,5% e o Concello de Vigo o 62,5% (25% mediante anticipo a reintegrar en vinte anualidades) ademais do xustiprezo dos terreos a ocupar.

Incorpórase no anexo de antecedentes como documento nº 1 copia da citada resolución e do BOP número 197 do 17/8/1962.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 6 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En consecuencia, a concesión orixinaria foi outorgada exclusivamente a Vigo e a perpetuidade e o Concello tivo que facer fronte ao 62,5% do investimento para contar cun encoró ñas proximidades do lugar de Eiras.

Terceiro.- DA INICIAL XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO AO CONTRATO DE XESTIÓN INTEGRAL DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN.

O Concello de Vigo xestionou, realizou o mantemento e explotou pacífica, pública e ininterrompidamente dito encoro como parte do servizo público municipal de augas do Concello, desde a construción do encoro e das conducións complementarias realizadas para a derivación de augas do río Oitavén con destino ao abastecemento da cidade de Vigo (sobre o ano 73).

Nun principio esta xestión foi directa, a través dun servizo municipalizado de abastecemento e saneamento, posteriormente a través dunha empresa municipal de augas (EMAVISA), e actualmente a xestión é indirecta, logo do correspondente contrato administrativo de xestión de servizos públicos, mediante a modalidade de concesión.

Este contrato de xestión integral dos servizos de abastecemento e saneamento de augas mediante a modalidade de concesión adxudicouse primeiramente, mediante acordos plenarios de 25 de outubro e 21 de decembro de 1990 á UTE SERAGUA-FOCSA, conforme ao prego de condicións aprobado polo Pleno en sesións do 7 de maio, 5 de xullo e 25 de outubro de 1990. O contrato formalizouse o 8 de xaneiro de 1991.

Na actualidade, o concesionario é AQUALIA-FCC UTE VIGO que, tras a prórroga do contrato, ten a súa finalización no ano 2020. (Documento nº 2: prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas).

Cuarto.- PROGRESIVO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS DA CONCESIONARIA: A REALIZACIÓN DA CANLE DE EIRAS COMO INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN.

Segundo o disposto na cláusula primeira do PCAP e do documento de formalización do contrato, suscrito o 8/01/1991, constitúe o obxecto da concesión a xestión integral do servizo de abastecemento de auga e saneamento de Vigo así como a aportación dos investimentos necesarios para a construción das instalacións que resulten necesarias. En aplicación desta citada cláusula, no plan de investimentos da concesionaria concretado na súa oferta e logo aprobado polo Concello (valorado en 13.200.000.000 pesetas) incluíuse como investimento a realizar nos primeiros anos da concesión, o Proxecto de Inversión PIC-0291 "Nova canle de Eiras. Tramo: Presa-Sifón de Os Valos".

Segundo se desprende da Memoria, tratouse dun investimento de reposición (polas fugas que se producían na canle preexistente) que, xunto coa realización doutras infraestruturas, supuxo a total substitución da antiga canle que se atopaba en precarias condicións de conservación.

Esta Canle é un investimento imprescindible para que a auga chegue ao Concello do Porriño que foi custeado integramente polo Concello de Vigo a través da súa concesionaria e do que se beneficia Porriño.

Constitúe un feito non discutido e probado que sen a execución de tal infraestrutura



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 7 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(novo canal de Eiras), o Concello de O Porriño nin sequera podería beneficiarse da derivación da auga dende o Río Oitavén, porque a toma de auga a derivar a Porriño se realiza na nova canle de Eiras, na arqueta de inicio do sifón de Os Valos.

Achegamos como documento nº 3 plano que reflicte o trazado do canal de Eiras (marcado en cor verde) e o punto de derivación da auga ao Porriño dende o Sifón de Os Valos, así como informe do Enxeñeiro do Concello do Porriño.

Polo tanto, foi o Concello de Vigo o que realizou un investimento de reposición do vello canal construído entre 1965 e 1971 necesario e imprescindible para garantir o subministro a Vigo e ao Concello do Porriño.

O custe investido nestes tramos do Canal de Eiras tivo un importe de 2.742.350.599 pesetas (2.587.123.206 pesetas mais IVE), sen que o Concello do Porriño desenvolsase financiación ningunha para realizar un investimento sen o cal non tería auga no seu municipio, porque aínda que o Concello de Vigo foi respectuoso coa previsión contida no apartado 3.4 da Memoria do proxecto de "Creación de un embalse regulador en las proximidades del lugar de Eiras, término municipal de Fornelos de Montes y Pontecaldelas con destino a la ampliación del abastecimiento a la ciudad de Vigo", que prevía unha disposición dun caudal de 0,5m3/seg para o abastecemento Polígono Industrial Porriño, o certo é que O Porriño recibe a través desta canle a auga que subministra a todo o seu termo municipal (non só ao Polígono).

Quinto.- O ACORDO PLENARIO DE 27 DE XANEIRO DE 1998.

Na vixencia da concesión, a concesionaria vai desenvolvendo o plan de investimentos e mediante acordo plenario de 7 de abril de 1995, se recoñece como contía do investimento executado pola concesionaria a cifra de 7.459.262.068 pesetas (documento nº 4)

E é unha vez realizados os investimentos polo concesionario (nunca antes) e logo da reunións cos representantes dos concellos implicados (como quedou probado) cando se formula informe-proposta sobre a tarifa que se aplicará pola subministración de auga aos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e a determinación da cifra esixible ao Concello do Porriño, adoptándose Acordo Plenario do 27/1/1998 co seguinte contido:

"1º.- Fixar, con efectos do 1 de xaneiro de 1998, a tarifa que se aplicará polo subministración de auga ós concellos de Nigrán, Cangas e Moaña, na cantidade de 31,27pfas/m3; os consumos dos Concellos de Redondela de Soutomaior serán facturados a razón de 24,33 ptas./m3.

2º. - Declarar esixible ó Concello do Porriño, con efectos do 1 de xaneiro de 1998, as cantidades que a continuación se indican, en concepto de participación nos custos da canle e Encoro de Eiras, como consecuencia da explotación da concesión administrativa compartida co Concello de Vigo:

- Recuperación do investimento..... 7,20 pls./m3

(A dita recuperación facturárase con carácter bimensual, de acordo co volume facturado -procedente de Eiras- no ano inmediato anterior ou, no seu defecto, no último no que se dispoña de información).

- Vixilancia do Encoro de Eiras (96)..... 3.817.409



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 8 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(A referida cantidade será prorrateable, con carácter bimestral e actualizarase de conformidade cos aumentos que reflecta o convenio colectivo do exercicio inmediato precedente)

- Mantemento e conservación da canle..... 3.297.500

(Esta cifra será prorrateable con carácter bimestral e de conformidade coas variacións que experimente o 1PC)

3º.- Do acordo que no seu caso se adopte deberase darlle conta á Concellería Delegada de Infraestruturas e Obras e entidade concesionaria UTE SERAGUA FCC, para os efectos oportunos".

Est acordo plenario, cun contido atípico que busca compartir custes/gastos, tivo como premisa a colaboración dos concellos implicados para o exercicio das competencias que teñen encomendadas e a voluntariedade, para acadar un equilibrio de posicións.

Este acordo ten un contido claramente diferenciado, separando a situación do Concello do Porriño da tarifa esixible aos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior.

En relación con este acordo son feitos indiscutidos que:

1º.- o acordo plenario foi notificado en tempo e forma ao Concello do Porriño en data 27/1/1998, como consta no acuse de recibo.

2º.- o Concello do Porriño tivo oportunidade de combater e discutir o seu contido e non o fíxo, como si o fixeron outros concellos aos que lles é de aplicación o mesmo (como o Concello de Cangas ou de Nigrán), pero deixouno firme e consentido. Así, a copia compulsada do expediente administrativo que tivo efecto nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 8068/1998(demandante: Concello de Cangas) seguido perante a Sección 3ª, da Sala do Contencioso-administrativo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia proba que o Acordo plenario foi notificado debidamente en tempo e forma ao Concello do Porriño o 27/2/1998, sen que conste que nunca interpuxese recurso ningún fronte ao dito acordo. Tal sentenza do TSXG foi confirmada por STS 29/10/2009 (documento nº 5).

Sexto.- A REUNIÓN E A ACTA DO 20/4/2009 E A ACTUACIÓN DO PORRIÑO DE IR EN CONTRA DOS SEUS PROPIOS ACTOS.

Dende a adopción do acordo, o Concello de Porriño nin o impugnou nin realizou pagamentos, retomándose os contactos por parte do Concello de Vigo nos exercicios 2004 e 2006, para tentar solucionar a situación. O Concello do Porriño non atendeu a estes.

Finalmente, o 24 de abril do 2009, tivo lugar unha reunión entre representantes do Concello de Vigo (Concelleira da Área de Servizos Xerais e Xefe da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo) e do Concello do Porriño (Concelleiro de Servizos), da que levantouse acta, que foi asinada polas persoas citadas. Na acta reflíctese que se entregou unha copia coa documentación sobre o importe da débeda contraída polo Concello do Porriño.

Nesta reunión, o Concelleiro de Servizos do Concello de Porriño manifestou ser coñecedor de tal situación e indicou que por parte deste Concello nunca negaron a débeda. Acordouse que unha vez que o Concello de Vigo lle remitise ao Concelleiro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 9 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Porriño o desglose de custes que dan lugar á tarifa, comenzarían a pagar e presentarían un programa de pagamentos (nunca entregado ao día da data).

En cumprimento do acordado, o Concello de Vigo remitiu en maio de 2009: dous exemplares da acta da reunión para a súa sinatura e posterior devolución dun dos dous exemplares a este Concello e escrito da concesionaria Aqualia xustificando os importes. E en data 7 de xullo do 2009, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello acta asinada polo Concelleiro de Porriño. (Documento nº 6).

Por tanto, o Concello do Porriño ignorou a existencia dun acordo plenario do ano 1998 que lle foi debidamente notificado e deixou firme e consentido pero no 2009 non negan a débeda e se comprometen a achegar un plan de pagamentos nunca achegado, contravindo o principio de boa fe que debe presidir as relacións entre administracións públicas.

Sétimo.- PAGAMENTO DE VARIAS FACTURAS POLO CONCELLO DO PORRIÑO.

Seguindo na infracción da doutrina dos actos propios, no ano 2012, dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais, o Concello de Porriño aboou outras sete facturas por importe total de 139.391,476.

Oitavo.- SUCESIÓN DE RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS CONTRA LIQUIDACIÓNS BIMENSUAIS E SENTENZAS DESESTIMATORIAS AO CONCELLO DO PORRIÑO.

Dende a adopción do acordo plenario de 27/1/1998 o Concello do Porriño nada pagou (agás as oito facturas mencionadas) en relación coa corresponsabilidade nunha infraestrutura de utilización conxunta do Concello de Vigo, sen a cal o Concello do Porriño deixaría desabastecida a súa poboación do servizo municipal obrigatorio de abastecemento de auga, pois a toma de auga a derivar a Porriño se realiza na nova canle de Eiras, na arqueta de inicio do sifón de Os Valos.

O Concello de Vigo ante a actuación abusiva do Concello do Porriño, que solicita e consegue doutro Concello (o de Vigo) o beneficio do abastecemento de toda a auga que precisa (sen ningún custe de establecemento...) e que elude o pagamento dese ben e servizo que obtén, nunca esixiu en vía de apremio cantidade ningunha e moito menos fixo aquilo ao que está obrigada con respecto a calquera outra persoa xurídica ou física: cortar a subministración ante a falta de pagamento, pois esta é a previsión do Regulamento do servizo de xestión integral da auga, para os casos de impagos reiterados no art. 76 e concordantes (achegamos como documento nº 7 o Regulamento do servizo).

Pero non só non pagou nada, senón que nunca achegou ningunha proposta de negociación nin de acordo alternativo, afastándose do espírito de consenso que presidiu a adopción do acordo do 27/1/1998, a partir do bimestre novembro-décembro 2012, empezou a impugnar as liquidacións bimensuais remitidas polo Concello de Vigo, provocando un grande número de pleitos.

A secuencia de recursos contencioso-administrativos interpostos dende novembro-décembro 2012 é a seguinte:

-RCA PO 180/2013- XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2- VIGO E RECURSO DE APELACION 15057/2014.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 10 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Foron obxecto do RCA 180/2014 AS Resolucíons da Concelleira Delegada de Economía e Facenda do 04/01/2013, pola que se aprobou liquidación correspondente ao bimestre novembro-décembro 2012, por importe de 28.402,61€ e de 02/05/2013.

Recaeu sentenza estimatoria nº 161 do 4 de setembro do 2014, contra a que o Concello de Vigo interpuxo recurso de apelación (nº 15057/2014), que foi estimado mediante Sentenza do TSX de Galicia nº 46, do 4/2/2015, que establece no seu FALLO: " Que ACOLLEMO-LO recurso de APELACIÓN presentado polo CONCELLO DE VIGO contra a sentenza 161/2014 do Xulgado do contencioso núm.2 de Vigo, revogándoa e, en consecuencia, rexeitámolo recurso contencioso-administrativo formulado polo CONCELLO de O PORRIÑO contra o acordo do 04.01.2013 da Concelleira-Delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo – exped. 1869/500/13. Non facemos declaración das custas".

O Concello do Porriño formulou incidente de nulidade de actuacións, que foi rexeitado mediante Auto do TSX de Galicia do 8 de abril de 2015, acordándose o arquivo definitivo do procedemento mediante Dilixencia de Ordenación do 27 de abril do 2015 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Vigo.

- RCA PO 299/2013- XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1- VIGO.

Foron obxecto do RCA 299/2013 as Resolucíons da Concelleira-Delegada de Economía e Facenda aprobatorias das liquidacións dos bimestres maio/xuño 2013 e xullo/agosto 2013 por importes de 29.832,086 e 36.718,806, respectivamente.

No procedemento recaeu Sentenza nº 250 do 24 de novembro de 2014, desestimatoria do recurso interposto polo Concello do Porriño.

Contra a anterior sentenza interpuxo o Concello do Porriño recurso de apelación perante o TSX de Galicia, en trámite.

- RCA PO 58/2014- XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1- VIGO.

Impugnou o Concello do Porriño as Resolucíons da Concelleira-Delegada de Economía e Facenda polas que se aprobaron as liquidacións correspondentes aos bimestres de setembro/outubro 2013 e novembro/décembro 2013, por importes de 35.553,066 e 29.876,896 respectivamente.

Mediante sentenza nº 249 do 24 de novembro de 2014 foi desestimado o recurso, interpoñéndose polo Concello do Porriño recurso de apelación perante o TSX de Galicia, actualmente en trámite.

- RCA PO 363/2014- XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1- VIGO.

É obxecto do RCA PO 363/2014 a Resolución da Concelleira-Delegada de Economía e Facenda pola que se aprobou a liquidación correspondente ao bimestre maio/xuño 2014, por importe de 31.031,076.

O procedemento atópase suspendido mediante Auto do 17 de decembro de 2014.

- RCA PO 456/2014- XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1- VIGO.

Impugnouse polo Concello do Porriño a Resolución da Concelleira-Delegada pola que se aprobou a liquidación do bimestre xullo/agosto 2014 por importe de 35.532,866.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 11 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O procedemento está suspendido por Auto do 21 de xaneiro de 2015.

- RCA PO 50/2015- XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1- VIGO.

É obxecto do RCA PO 50/2015 a Resolución da Concelleira-Delegada de Economía e Facenda pola que se aprobou a liquidación correspondente ao bimestre setembro/outubro 2014, por importe de 35.576,11€.

As sentenzas recaídas ata o día da data desestimaron integramente os recursos formulados contra as liquidacións bimensuais remitidas polo Concello de Vigo ao Concello do Porriño. En ningún destes pronunciamento xudiciais se indica que o Concello do Porriño non teña a obriga de pagar. E aínda mais, no seo destes procedementos o Concello de Vigo conseguiu probar que o Concello do Porriño non só non paga, senón que a administración porriñesa cede auga ao Concello de Salceda de Cáselas. Ningún custe sufragan os cidadáns de Porriño respecto da condución da auga a Salceda, mentres os cidadáns de Vigo soportan actualmente os custes financeiros do impago da débeda.

Noveno.- A SOLICITUDE DE REVISION DE OFICIO PRESENTADA POLO CONCELLO DO PORRINO DO ACORDO PLENARIO DO 27 /1/1998 POR NULIDADE DE PLENO DEREITO.

Chegados a este punto, con todas as sentenzas recaídas ata o momento da data desfavorables ás pretensións do Concello do Porriño en relación coas liquidacións bimensuais (cuxa copia achegamos como documento n° 8) e toda a débeda xenerada impagada (agás as oito facturas xa enumeradas), en data 12/03/2015 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (n° de documento 150030092) solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27/1/1998 no relativo á imposición ao Concello do Porriño da obriga de pagamento dos custes de explotación da canle, gastos de vixiancia e recuperación dos investimentos realizados, invocando a nulidade de pleno Dereito, asinada polo Sr. Alcalde do Concello do Porriño.

Se acompañan á citada solicitude: certificación do acordo plenario do 26/2/2015, punto 16: "Solicitude ao Concello de Vigo de revisión de oficio de acordo adoptado polo Pleno de 27/1/1998 de imposición de tarifa por derivación de subministración de auga ao Concello do Porriño" (como documento n° 1), copia do acordo plenario do 27/1/1998 (como documento n° 2) e copia da Memoria do "Proyecto Complementario de ampliación del abastecimiento de agua a Vigo desde el Rio Oitavén" (documento n° 3).

No escrito se expresa que o acordo plenario do 27/1/1998 é nulo de pleno Dereito e solicitan REVISION DE OFICIO do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 102.1 da Lei 30/1992, con base nos seguintes MOTIVOS:

Considera que a declaración unilateral formulada polo Concello de Vigo esixindo ao Concello do Porriño os custes pola utilización das infraestructuras do encoro de Eiras é contraria a Dereito. Sostén que o acordo plenario de 27/1/1998 é nulo de pleno dereito de conformidade co artigo 62.1 letras b), e) e f) da LRX-PAC porque:

(i) O Concello de Vigo carece de título habilitante para esixir ao Concello do Porriño, a través dun acto administrativo unilateral, os custes estimados pola utilización da infraestrutura do encoro de Eiras. O acordo do 27/1/1998 é nulo de pleno Dereito por ter sido adoptado por un órgano manifestamente incompetente (artigo 62.1.b) da Lei 30/1992).

(ii) A esixencia do Concello de Vigo ao Concello do Porriño dos custes pola utilización



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 12 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

das infraestruturas do encoro de Eiras vulnera o principio de autonomía local. O acordo do 27/1/1998 do Concello de Vigo é nulo de pleno Dereito pois o Concello de Vigo insmíscúese na esfera de competencias que o Concello do Porriño ostenta na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial (artigo 62.1 .f) da LRX-PAC).

(iii) O acordo plenario do 27/1/1998 esixe ao Concello do Porriño unhas prestacións patrimoniais sen respectar o procedemento legalmente establecido. O mentado acordo debe ser anulado de conformidade co disposto no artigo 62.1.e) da LRX-PAC.

Con base no anterior, solicita que se proceda á incoación do procedemento de revisión de oficio, no particular no relativo á imposición ao Concello do Porriño da obriga de pagamento dos custes de explotación da canle, gastos de vixilancia e recuperación dos investimentos realizados e, seguindo o procedemento legalmente establecido, previo ditame do Consello de Estado, dite resolución pola que se declare a nulidade de pleno Dereito de dito extremo do acordo, polos motivos indicados.

- Procedemento e límites da revisión de oficio:

O procedemento a seguir para a tramitación das solicitudes de revisión de oficio cando se invoca nulidade de pleno dereito dun acto administrativo é o previsto no artigo 102 da Lei 30/1992.

O procedemento de revisión de oficio é un medio excepcional e extraordinario, de xeito que tanto os presupostos de fondo como os requisitos formais para o seu exercicio teñen que se observados rigorosamente e os preceptos que o regulan han de ser obxecto dunha interpretación restritiva.

Tal e como sinala a STS do 20/7/2005, a posibilidade de solicitar a revisión pola vía extraordinaria artigo 102.1 non pode constituír unha escusa para abrir ese novo período que posibilite o exercicio da acción do recurso administrativo ou xudicial de impugnación do mesmo, xa caducada, cando o administrado tivo sobrada oportunidade de intentalo no momento oportuno.

Neste senso, tamén a STS do 16 de decembro de 1993 (RX 1993\9747), con doutrina posteriormente reiterada en numerosas sentenzas establece que: "La jurisprudencia de este Tribunal (...) se pronuncia por una interpretación restrictiva, tanto de la aplicación de los supuestos de nulidad de pleno derecho del artículo 47 de la LPA (actual artículo 62 LRJ-PAC) como de su declaración por la vía del artículo 109 de la misma (actual artículo 102.1 LRJ-PAC), cauce impugnalorio para el que se recomienda la máxima prudencia (SSTS de 20 de febrero 1984 (1984,973), de 12 marzo 1986 (RJ 1986,4091) y de 22 de octubre 1990 (RJ 1990,8254), dada la necesidad, según se indica en las dos últimas, de articular un procedimiento de impugnación ordinario con la invocación de un precepto de aplicación extraordinaria o excepcional, cual el art. 109 de la Ley de Procedimiento Administrativo..., lo cual requiere, al hacerlo, de una cuidadosa ponderación, sobre todo habida cuenta de que la no sujeción a plazo para efectuarlo, como, en cambio, se prevé para el sistema general de revisión (del recurso de revisión, se entiende), entraña un riesgo evidente para la estabilidad o seguridad jurídica...., precepto que incluso ha suscitado dudas en cuanto a las posibilidades y efecto de su utilización por los particulares a diferencia de cuando es a iniciativa de la Administración".

Fases do procedemento:

O TS ven distinguindo ditas fases dentro do procedemento de revisión por actos nulos: 1ª) corresponde á apertura do expediente revisorio, con aportación de informes,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 13 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

asesoramentos e audiencia ao interesado, fase na que a Administración declara prima facie se o acto adolece ou non dos vicios que determinarían a súa revisión e 2ª) inclúe a solicitude de ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, e a decisión de anular ou non o acto de que se trate.

Esa tradición xurisprudencial de distinguir dúas fases no procedemento de revisión de oficio ten o seu reflexo na normativa actual, pois o apartado 3º do artigo 102 da Lei 30/1992 permite que o órgano competente para revisar o acto poida acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes presentadas sen necesidade de recabar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma cando as mesmas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 62 da Lei 30/92 ou careza manifestamente de fundamento, así como tiveran sido desestimadas en canto ao fondo solicitudes substancialmente iguais.

Procede analizar a concurrencia de causas de inadmisión no presente suposto.

No caso, o acordo penario do 27/1/1998 foi impugnado polo Concello de Cangas no recurso contencioso-administrativo nº 8068/1998, que foi desestimado por Sentenza do TSX de Galicia do 20/3/2003, confirmada en casación polo TS en sentenza do 29/10/2009. Se ben este pleito versou sobre o punto primeiro do acordo plenario en canto as tarifas a satisfacer por diversos Concellos, compre indicar que esta causa de inadmisibilide está tomada do recurso de casación contencioso-administrativo (artigo 93.2. c) da Lei 29/1998) e para que opere non se precisa a identidade subxectiva nin tampouco, estrictamente, da identidade obxectiva, que condicionan a operatividade da cousa xulgada, por canto prevén o artigo 102.3 da Lei 30/1992 que o efecto excluínte do proceso producirase cando a sentenza desestimatoria teña recaído nun suposto substancialmente igual. A igualdade, polo tanto, ha de referirse ao esencial dos elementos das pretensións, isto é, á causa ou razón de pedir. Se pode afirmar que se diferencia da cousa xulgada na súa maior amplitude, por canto se refire, non ao caso concreto, delimitado obxectiva e subxectivamente, senón á regra aplicada na resolución do mesmo e afecta a todos os que sexan partes en casos similares.

Os mesmos alegatos de nulidade que se invocan na solicitude de revisión de oficio foron invocados no recurso tramitado no expediente municipal 1911/500, cuxa resolución foi obxecto do rca PO 180/2013- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

En canto á carencia de fundamento, o solicitante da declaración de nulidade se ampara nunha consideración con valor de obiter dicta que se contén na STSX de Galicia nº 46, do 4/2/2015 (recurso de apelación 15057/2013) estimatoria do recurso de apelación interposto por esta parte contra a sentenza de instancia. Debe considerarse que ese obiter dicta refírese de forma xenérica á revisión dos actos propios pois non se detén a analizar nin os concretos procedementos revisorios que procederían nin se analiza a súa procedencia, pois nada disto foi obxecto do recurso. E, o anterior, o demostra que, por pouco que nos deteñamos a analízalo, comprobamos que estamos ante perante un acto desfavorable ou de grávame para o Concello de Porriño, polo que, bastaría proceder á revogación, prevista no artigo 105.1 da Lei 30/1992. O acordo plenario cuxa revisión se insta, en tanto supón a repercusión ao Concello do Porriño do custe do investimento da canalización que tivo que acometerse en 1991 en aras ao óptimo funcionamento da instalación e, doutro, facelo participe nos custes ordinarios de mantemento e vixiancia (FD 3 das Sentenzas nº 249 e 250 do Xuígado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo). Aínda que este artigo establece que este procedemento ten que iniciarse de oficio, nada impide que a persoa interesada propoña o inicio do procedemento de revocación e antes de iniciar o procedemento, a Administración comprobará que o exercicio desa competencia non constitúe dispensa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 14 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ou exención non permitida polas leis.

Neste punto, tal e como indica a STSX de Valencia, de 23/03/1999 (RXCA 1999\2836): "El ámbito propio sobre el que puede actualizarse la potestad de revisión, es el de los actos declarativos de derechos, concepto oponible al de los actos desfavorables o los actos de gravamen". E segundo a STSX de Cantabria do 4/11/1996 (RXCA 1996U741): "Los mencionados preceptos (artículos 102 y 103 de la Ley 30/1992, abarcando tanto a la revisión de oficio como a la declaración de lesividad, se refieren a la declaración de lesividad, se refieren a la revocación de oficio por parte de la Administración de actos declarativos de derechos, lo que constituye la esencia de la mencionada institución, pero en ningún modo puede seguirse el procedimiento indicado por aquellos preceptos ni invocar las causas en ellos contenidas cuando se trata de actos de gravamen, en cuyo caso resulta de aplicación lo dispuesto en el art. 105 de la mencionada Ley de Procedimiento Administrativo, el cual contempla la posibilidad de que por la Administración se dejen sin efecto, en cualquier momento, los actos de gravamen, esto es, los que limitan la esfera jurídica de los administrados, imponiéndole una carga o restringiéndole un derecho, exigiendo la normativa invocada que la revocación sea conforme con el ordenamiento jurídico, lo cual implica que el acto de gravamen debió ser disconforme con el mismo".

Motivos de nulidade invocados.- A solicitude fai cita de tres causas de nulidade das previstas no artigo 62 da Lei 30/1992, polo que no caso de entrar no fondo dos motivos esgrimidos, é preciso recabar o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Tales motivos de nulidade xa foron invocados polo Concello do Porriño no seo dos procedementos xudiciais enumerados, aos que se opuxo oportunamente o Concello de Vigo, sen que ningunha das sentenzas recaídas sosteña que o Concello do Porriño estea eximido de pagamento.

Tal e como xa motivamos ao oponernos aos recursos contencioso-administrativos presentados contra as liquidacións bimensuais, entendemos que non concorre a nulidade do acordo baseada nos motivos do artigo 62.1. da Lei 30/1992 que se citan (b) incompetencia material e territorial do Concello de Vigo para ditalo, f) actos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se carezan dos requisitos esenciais para a súa adquisición e c) actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, porque son feitos indiscutidos que:

- o Concello do Porriño utiliza conxuntamente co Concello de Vigo a Canle de Eiras,

- sen tal infraestrutura o Concello do Porriño non pode abastecer de auga á súa poboación, xa nin sequera podería beneficiarse da derivación da auga dende o Río Oitavén, porque a toma de auga a derivar a Porriño se realiza na nova canle de Eiras, na arqueta de inicio do sifón de Os Valos.

- que a Canle de Eiras foi un investimento de reposición, custeado integramente polo Concello de Vigo a través da súa concesionaria, que realizouno no desenvolvemento do seu plan de investimentos.

- que o Concello do Porriño nada investiu nesta infraestrutura, agás o pagamento puntual de oito facturas.

- que tras a promulgación do Real Decreto 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas non existiu ningún procedemento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 15 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

traspaso nin de transferencia material de tal infraestrutura hidráulica, como si existiu con outras infraestruturas municipais (por exemplo: Hospital Municipal, que foi da plena titularidade deste Concello ata a súa transmisión formal á Xunta- SERGAS). E aínda máis, a propia Augas de Galicia admite como empresa encargada da explotación da Presa de Eiras a AQUALIA-FCC UTE VIGO e AQUALIA xestiona o encoró de EIRAS con fundamento no contrato de xestión do servizo público do ciclo integral da auga do Concello de Vigo. Non hai un contrato entre Augas de Galicia e AQUALIA para este fin nin é sufragada dita xestión por ese organismo autónomo nin pola Xunta de Galicia que recoñece á concesionaria do Concello de Vigo como xestora da presa, que, por certo satisface o IBI como concesionaria do Concello de Vigo.

Entendemos que non existe a incompetencia material e territorial que se denuncia por canto o Concello de Vigo non está a exercer un servizo municipal de abastecemento de auga a outro municipio (o do Porriño) senón que o Concello de Vigo sufragou un investimento de reposición (cante de Eiras) do que se beneficia o Concello do Porriño, esixe os custes que lle corresponden e que foron previamente negociados con Porriño e este non paga. Tal e como se indica nas Sentenzas do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo do 23/11/2014 (recaídas nos PO 299/2013 e 58/2014): "la suma dineraria que se viene regularmente reclamando al de O Porrino no guarda relación con el consumo y suministro de este recurso". E tamén establecen que: " Lo que el Concello de Vigo ha pretendido desde 1998 es, de un lado, repercutir en el demandante el coste de la inversión de la canalización que hubo de acometerse en 1991 en aras del óptimo funcionamiento de la instalación y, de otro, hacerle partícipe en los costes ordinarios de mantenimiento y vigilancia". Polo tanto, tampouco cabe invocar ningunha vulneración do principio de autonomía local.

Tampouco cabe fundamentar que non existe título para xirar liquidacións bimensuais por parte do Concello de Vigo ao Concello do Porriño como causa de nulidade amparada no artigo 62.1 .b) da Lei 30/1992, porque as sentenzas recaídas non eximen de pagamento a dito Concello. E máis, a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo recaída no PO 180/2013, que foi revocada por Setenza do TSXG, entraba en contradicción ao sinalar a idoneidade dun convenio para a exacción do ingreso e entender ao tempo que tal tarifa estaría afectada por unha reserva de lei. Esta cuestión foi resolta pola STXG ao indicar no seu FD 1 que: "Concordamos co letrado do Concello de Vigo en que a alternativa- convenio de colaboración- é unha calexa sen salda dado que deixa á vontade dunha das partes- o Concello de O Porrino- determinar como a confía e cando asumirá o custo, dada a voluntariedade propia de todo convenio de colaboración-art. 6 da Lei 30/92 e 57 da Lei 7/1985- e a esto engadimos que a sentenza de instancia non resolve a controversia (ou cando menos a contradicción resultante) verbo do acordó de 27.01.1998: o xulgador non o anula, máis non o aplica, limitándose a indicar que non é cobertura suficiente para a liquidación".

Tampouco cabe invocar como causa de nulidade de pleno dereito o artigo 62.1.e) da Lei 30/1992 por omisión do procedemento e falta de audiencia. Esta parte probou que precederon á adopción do acordo plenario do 27/1/1998 reunións cos representantes dos concellos aos que lle resulta de aplicación e que tal acordo foi debidamente notificado ao Concello do Porriño que nunca o impugnou, deixándoo firme e consentido pero, na práctica, ignorando a súa existencia, ao non facer fronte á súa participación nos custes dunha infraestrutura custeada integramente polo Concello de Vigo da que se beneficia. Polo tanto, por contra do afirmado na solicitude, sí dispoñeron os concellos afectados de toda a información necesaria previa á adopción do acordo.

No caso de concorrer o defecto invocado, nin sequera se poderia falar de nulidade de pleno dereito, senón de anulabilidade. Pero é que, ademais, non existiu irregularidade formal ningunha, pois sobre esta cuestión xa se pronunciou o TSXG na Sentenza do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 16 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

20/03/2003 que resolveu o recurso formulado polo Concello de Cangas, que no seu FD 4 indicou que: " ...y aún en la hipótesis de considerar irregular la inicial falta de audiencia en el expediente, de lo que no cabe duda es de que la Administración recurrente tuvo en vía administrativa la oportunidad y así lo hizo, de alegar cuanto a su derecho convino, cuya efectiva utilización, aparte de la que se ha producido en el momento de acceder a la vía jurisdiccional, impide apreciar, en su caso, la invalidez formal pretendida. Por otra parte, no se entiende la alegación de falta de notificación de tal acuerdo cuando se admite por la entidad local recurrente haber recibido copia del mismo, siquiera lo fuere por haberla reclamado, y cuando precisamente contra ese acuerdo se formula el presente recurso contencioso-administrativo".

Transgresión dos límites á revisión de oficio O artigo 106 da Lei 30/1992 contempla uns límites ou parámetros que limitan a potestade de revisión que o ordenamento xurídico outorga á Administración. A aplicación dos límites á revisión previstos no artigo 106 da Lei 30/1992 depende de cada caso concreto, sendo preciso analizar se no presente caso concorren os supostos que prevé este precepto (prescripción de accións, tempo transcorrido ou outras circunstancias, que determinen que o seu exercicio é contrario á equidade, á boa fe ao dereito dos particulares ou á lei).

O establecemento duns límites á revisión de oficio trae a súa causa na necesidade de compaxinar o principio de seguridade xurídica (límite á revisión) co principio de legalidade (facultade de revisión). Tal e como sinala a STS do 20/7/2005, a posibilidade de solicitar a revisión pola vía extraordinaria artigo 102.1 non pode constituír unha escusa para abrir ese novo período que posibilite o exercicio da acción do recurso administrativo ou xudicial de impugnación do mesmo, xa caducada, cando o administrado tivo sobrada oportunidade de intentalo no momento oportuno. E precisamente a esta circunstancia se refire o artigo 106 da Lei de procedemento administrativo común cando condiciona o exercicio da acción de revisión do artigo 102 -aínda nos casos de nulidade radical do artigo 62.1- a que non resulte contrario á equidade, boa fe, dereito dos particulares ou outras circunstancias similares (neste senso cabe citar tamén as SSTS do 30/6/2004 e do 19/7/2005).

Aplicando ao presente caso concreto os límites da revisión, se constata que a actuación do Concello do Porriño incumpre eses límites, como se expón a continuación:

- Límite do exercicio da acción de nulidade polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias:

Existe unha clara infracción por parte do Concello do Porriño do límite do transcurso do tempo na formulación da súa solicitude de nulidade, toda vez que en data 27/2/1998 foille debidamente notificado en tempo e forma o acordo plenario do 27/1/1998 e solicita a revisión de oficio do citado acordo por considéralo nulo de pleno Dereito o 12/03/2015, isto é, dezaseis anos despois.

A notificación do citado acordo é un feito probado polo Concello de Vigo nos procedementos xudiciais dirixidos contra as liquidacións bimensuais (nos que, ata o día da data, todas as sentenzas son favorables ao Concello de Vigo).

O acordo plenario do 28/1/1998 foi adoptado tras negociacións cos concellos implicados, como así quedou probado no expediente municipal 1900/500 (en realidade 1911/500) que causou efectos no PO 180/2012 - Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, foi debidamente notificado en tempo e forma e foi recorrido por outros Concellos (Cangas), pero O Porriño non o recurriu. Non obstante o anterior,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 17 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

o Concello nunca pagou as liquidacións bimensuais ditadas en execución do acordo de 1998 (agás oitos facturas: unha do 20/4/2009 tras a reunión celebrada nesa mesma data e sete no 2012, mediante o mecanismo de pago a provedores).

O Concello do Porriño optou por non recorrer o acto administrativo e por pasar por alto a executividade e executoriedade do mesmo, simplemente ignorándoo como acto non nato e dezaseis anos máis tarde, despois de que as sentenzas recaídas en relación coas liquidacións bimensuais pola corresponsabilidade nos custes da Canle de Eiras sexan ata o día da data desfavorables ás súas pretensións, promove unha revisión de oficio. Pero nese lapso de dezaseis anos nunca presentou ningunha alternativa nin vontade de negociación (a diferenza do Concello de Vigo).

O Consello de Estado, no seu ditame 55.621 que analizaba a revisión de oficio dun acto cunha antigüidade de 15 anos, sentou a seguinte doutrina plenamente aplicable ao presente caso: "Si bien el acto cuya anulación se pretende pudiera ser subsumible en el artículo 109 de la citada norma, la Administración debe respetar los límites fijados por el artículo 112 de la misma, según la cual: 'Las facultades de anulación y revocación no podrán ser ejercitadas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resultase contrario a la equidad, al derecho de los particulares o a las leyes'.

Conforme ha venido declarando la jurisprudencia y el propio Consejo de Estado, el precepto transcrito, que sirve de cierre al Capítulo I del Título V de la Ley de Procedimiento Administrativo que regula la revisión de oficio, es de aplicación a todos los supuestos de revocación o revisión previstos en el mismo, y por ello, también, a la revisión de actos nulos de pleno derecho que contempla el artículo 109 de dicha Ley. En aplicación del artículo 112, estos actos serían excepcionalmente mantenidos por la Ley en atención a superiores y muy cualificadas razones de seguridad jurídica y equidad (S. de 29 de abril de 1974). Y, precisamente, considera la jurisprudencia contrario a la equidad ejercer la revisión de oficio en los casos en que ha transcurrido un lapso prolongado de tiempo (S. de 27 de febrero de 1968, 28 de junio de 1969, 22 de abril de 1971 y 29 de abril de 1971).

En el presente caso no puede ni siquiera determinarse con exactitud el momento en que se habría producido el acto de adjudicación que se pretende revisar de oficio. Además, tomar en consideración, al menos, quince años después un acto de adjudicación, que hay que presumir implícito, parece un recurso excesivamente formal. Tras declarar la nulidad, se pretende hacer caer, con la adjudicación, toda la relación contractual desarrollada durante ese período de tiempo, con la retroacción predicable respecto de una declaración de nulidad. Esta posición no se compadece bien con la actuación de la administración autora de este pretendido acto durante los quince años transcurridos en los que se ha venido consintiendo la situación creada sin hacer uso de la acción de nulidad, acción que ahora es improcedente desde una perspectiva jurídico-administrativa".

A doutrina (GARCIA DE ENTERRIA) sinala tamén como límite da revisión de oficio o retraso desleal no exercicio de accións, límite plenamente aplicable ao presente suposto. O Concello do Porriño recibiu no ano 1998 a notificación dun acordo plenario, previamente consensuado, non o recurriu, se ven beneficiando dunha infraestrutura plenamente custeada polo Concello de Vigo a través da súa concesionaria (Canle de Eiras), infraestrutura sen a cal non chegaría auga ao seu termo municipal (como así quedou probado co informe do enxeñeiro municipal achegado como proba a instancias do Concello de Vigo nos procedementos xudiciais contra as liquidacións bimensuais) e non reacciona ata que o Concello de Vigo emitiu as liquidacións bimensuais con apercibimento da vía de prema.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 18 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Este límite opera aínda que non se tivera producido a prescrición e aínda que non tivera transcorrido o prazo para o exercicio lexítimo do dereito -ou da potestade- se o tempo transcorrido fose excesivo ou se tivera manifestado unha conduta do titular que tivese despertado a confianza do administrado en que xa non se exercitaría (SSTS do 11/03/1978-RX 1978U120, do 23/10/2000-RX 2000\9001 e Ditame do Consello de Estado do 12/03/1981).

- Exercicio da acción de nulidade contrario á equidade:

A falta de pagamento polo Concello do Porriño dos custes pola súa corresponsabilidade na asunción dos custes nunha canle que utiliza conxuntamente co Concello de Vigo, imprescindible para que chegue a auga ao seu termo municipal, é contrario á equidade porque esta actitude supón que o custe do mantemento e conservación das infraestruturas hidráulicas, ten que ser sufragado por toda a cidadanía viguesa.

No curso dos procedementos xudiciais contra as liquidacións bimensuais, a defensa do Concello de Vigo achegou informe pericial de economista municipal que foi admitido e non rebatido nin desvirtuado polo Concello do Porriño que sostén que: "O relatado nos dous parágrafos anteriores sería contrario ao principio de equidade, moito máis se consideramos que o produto interior bruto per cápita do Concello de Porriño ven sendo nas últimas dúas décadas considerablemente superior ao do Concello de Vigo. Achégase documento do Instituto Galego de Estatística relativo ao ano 2010 no que os datos son reveladores: PIB/habitante en Porriño; 44.836 euros fronte a PIB/habitante en Vigo: 25.638 euros".

- Exercicio da acción de nulidade contrario á boa fe:

Cuestionar un acordo plenario do ano 1998 (de hai dezaseis anos), debidamente notificado e executado parcialmente polo Concello do Porriño, pois pagou oito facturas e no 2009 recoñeceu ser coñecedor da situación e comprometeuse a presentar un plan de pagamentos que nunca presentou conculca o principio de boa fe que ten que presidir as relacións entre administracións públicas.

- A doutrina dos actos propios como límite á revisión:

A doutrina dos actos propios constitúe un límite da potestade de revisión. Os actos propios do Concello recorrente, que se concretan en dúas actuacións: 1ª) pagou liquidacións anteriores polo mesmo concepto (unha factura en abril do 2009 e sete facturas dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais) e 2ª) tentou pactar unha minoración da débeda pendente por este concepto no 2009 sen que ao día da data presentase o plan de pagamentos que solicitou no citado ano.

As sentenzas do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo recaídas ata o momento fixan como feito probado que: "el Concello demandante llegó a darle parcialmente cumprimento, abonando ocho de las facturas que le fueron presentadas. En la línea de lograr un entendimiento- esta vez, sí- entre ambas Administraciones, se desarrolló la reunión de 2009, donde no se planteó la redefinición de las relaciones entre las partes acerca de su participación en el embalse, sino meramente el abono d las facturas, pendientes y futuras".

A doutrina dos actos propios esixe un comportamento coherente no tráfico xurídico, este principio é unha aplicación do principio xeral de boa fe (art. 7.1 Códgto Civil e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 19 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

artigo 3 da Lei 30/1992) e é esixencia tamén do principio constitucional de seguridade xurídica (art. 9.3 da Constitución) e de confianza lexítima (art. 3 da Lei 30/1992). En termos de seguridade xurídica e confianza lexítima é evidente que non só acaba ás oito facturas pagadas, máxime cando se negociou un plan de pagamento de toda a débeda no ano 2009 e vense subministrando a auga desde o ano 1998.

Organo competente.- O acordo plenario do 27/1/1998, cuxa revisión se insta, é un acto firme, consentido e coñecido en máis de quince anos, cumprido en máis de oito ocasións, que ten un contido contido obrigacional inequívoco: en tanto non exista un acordo posterior que deixe sen efecto, modifique ou substitúa ao vixente, o acordo plenario de 1998 obriga ao Concello de Vigo a subministrarlle a auga en alta e ao de Porriño a págala. O contrario supón ademais de ignorar a executividade e executoriedade dos actos administrativos prevista no artigo 57 e unha vulneración do principio de boa fe.

En canto ao órgano competente, correspóndelle ao Pleno da Corporación, en aplicación do disposto no artigo 123.1.1) da Lei 7/1985, tras a redacción dada polo Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.

Tendo en conta que o acto administrativo cuxa revisión se insta foi ditado polo Pleno en sesión de data 27/1/1998 este é o órgano competente para a súa revisión.

Á mesma conclusión chegamos se aplicamos por analogía a regulación contida no artigo 110 da Lei 7/1985 ao entender que se esta norma considera que o Pleno é competente para revisar actos tributarios nulos de pleno dereito tamén é competente para revisar actos nulos de pleno dereito de calquera outra natureza».

4º. Non obstante a inadmisibilidade da petición da revisión de oficio solicitada que o informe transcrito aprecia na mesma, a Corporación Municipal de Vigo non se pronunciou sobre a dita solicitude do concello de O Porriño.

5º. En senllas sentenzas, de data de 22 de outubro de 2015, a Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimou os recursos de apelación interpostos polo concello de O Porriño contra as sentencias do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, arriba referidas, que desestimaban os recursos interpostos polo concello de O Porriño contra as liquidacións xiradas polo de Vigo, en concepto de cantidades que corresponde satisfacer ao concello de O Porriño por gastos de recuperación do investimento da canle de Eiras, que subministra tamén a auga ao concello de O Porriño, mantemento e conservación desta canle e vixilancia do encoro de Eiras, confirmando, daquela, as sentenzas de instancia.

6º. Por autos de 20 e 25 de xuño e 10 de xullo de 2018, o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo declarou caducada a instancia nos recursos contencioso-administrativos núms. 456/2014, 363/2014 e 50/2015, referidos tamén *ut supra*, interpostos polo concello de O Porriño, contra as liquidacións reclamadas polo concello de Vigo polos conceptos e cantidades arriba indicadas, correspondentes aos bimestres de maio/xuño, xullo/agosto e setembro/outubro de 2014; procedementos que foran suspendidos a petición do concello de O Porriño recorrente, sen que por este —nin polo concello de Vigo— se solicitara a súa continuación no prazo de dous anos desde a notificación do decreto de arquivo provisional dos autos.

7º. Tal e como vai arriba dito, non obstante a inadmisibilidade da petición da revisión de oficio solicitada polo concello de O Porriño que o informe municipal transcrito aprecia na mesma, a Corporación Municipal de Vigo non se pronunciou sobre a mesma e o concello de O Porriño,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 20 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

con data de 16 de maio de 2022, reiterou a dita solicitude para que o concello de Vigo incoe expediente de revisión de oficio e declare a nulidade de pleno dereito do acordo plenario de que tratamos.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I

A solicitude de revisión de oficio do acordo do Concello-Peno de Vigo de data 27 de xaneiro de 1998, no que se aproba a tarifa pola subministración de auga aos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e se determina a cifra esixible ao concello de O Porriño debe ser inadmitida polas razóns que se expoñen no informe arriba transcrito, de data 4 de xuño de 2015, asinado pola Técnica xurídica da Dirección de Ingresos, co conforme da titular da Asesoría Xurídica municipal.

II

En primeiro lugar, porque tal e como declaran nas sentencias dos tribunais superiores de xustiza de Valencia e Cantabria, parcialmente transcritas no devandito informe xurídico:

«El ámbito propio sobre el que puede actuarse la potestad de revisión, es el de los actos declarativos de derechos, concepto oponible al de los actos desfavorables o los actos de gravamen». (Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia, de 23/03/1999 RXCA 1999\2836).

«Los mencionados preceptos (artículos 102 y 103 de la Ley 30/1992, abarcando tanto a la revisión de oficio como a la declaración de lesividad, se refieren a la declaración de lesividad, se refieren a la revocación de oficio por parte de la Administración de actos declarativos de derechos, lo que constituye la esencia de la mencionada institución, pero en ningún modo puede seguirse el procedimiento indicado por aquellos preceptos ni invocar las causas en ellos contenidas cuando se trata de actos de gravamen, en cuyo caso resulta de aplicación lo dispuesto en el art. 105 de la mencionada Ley de Procedimiento Administrativo, el cual contempla la posibilidad de que por la Administración se dejen sin efecto, en cualquier momento, los actos de gravamen, esto es, los que limitan la esfera jurídica de los administrados, imponiéndole una carga o restringiéndole un derecho, exigiendo la normativa invocada que la revocación sea conforme con el ordenamiento jurídico, lo cual implica que el acto de gravamen debió ser disconforme con el mismo". (Sentenza do Tribunal Superior de xusticia de Cantabria do 4/11/1996 (RXCA 1996/741).

O acordo plenario de que tratamos non é un acto declarativo de dereitos polo que, de acordo coas declaracións xurisdiccionais que van ditas, non cabe a declaración de nulidade de pleno dereito do mesmo, senón a súa revogación, se o acordo fora contrario a dereito, que, como veremos, non o é.

III

Tampouco procedería a revisión do acordo plenario de que tratamos pola transgresión dos límites da revisión de oficio que tal petición implica. De acordo co artigo 119 LPACAP, relativo aos límites da revisión de oficio: «Las facultades de revisión establecidas en este Capítulo, no podrán ser ejercidas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes. Pois ben, tal e como se razoa no informe transcrito nos antecedentes a solicitude de revisión de oficio do acordo plenario que nos ocupa transgrede os ditoa límites: (i) a petición da revisión de oficio do acordo plenario de 1998 realízase polo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 21 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concello de O Porriño transcorridos dezaseis anos desde a súa notificación a este concello. A petición de revisión de oficio do acordo plenario de 1998 sería inadmisíble polo tempo transcorrido; (ii) a petición da revisión de oficio do acordo plenario de 1998 é, tamén, contrario a equidade, en canto que o concello de O Porriño se esta a beneficiar dunha infraestrutura hidráulica sufragada e mantida polo concello de Vigo sen contribuír aos gastos de execución e mantemento da mesma; gastos que se calculan proporcionalmente polo concello de Vigo e se reclaman do de O Porriño no acordo plenario cuxa nulidade de pleno dereito solicita este; (iii) a petición da revisión de oficio do acordo plenario de 1998 é contraria a boa fe. Tal e como se di no informe arriba transcrito «Cuestionar un acordo plenario do ano 1998 (de hai dezaseis anos), debidamente notificado e executado parcialmente polo Concello do Porriño, pois pagou oito facturas e no 2009 recoñeceu ser coñecedor da situación e comprometeuse a presentar un plan de pagamentos que nunca presentou conculca o principio de boa fe que ten que presidir as relacións entre administracións públicas». E é igualmente contraria tal petición de revisión de oficio a doutrina dos actos propios; actos propios do Concello recorrente, que se concretan no pago de liquidacións anteriores polo mesmo concepto (unha factura en abril do 2009 e sete facturas dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais) e no intento de pactar unha minoración da débeda pendente por este concepto no 2009 sen que ao día da data presentase o plan de pagamentos que solicitou no citado ano.

IV

O artigo 106 da vixente LPACAP, no seu parágrafo 3, dispón que: «El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales».

E é o caso que a cuestión da nulidade do acordo plenario do concello de Vigo de 1998, que solicita no presente expediente o concello de O Porriño, foi examinada e rexeitada pola xurisdicción con ocasión dos recursos contenciosos administrativos interpostos polo concello de O Porriño contra as cantidades reclamadas deste polo concello de Vigo polo mantemento e conservación da canle de que se serve o concello de O Porriño, recuperación do custe desta e vixianza da presa de Eiras, correspondentes aos bimestres de maio/xunio, xullo e agosto, setembro/outubro e novembro/décembro de 2013, que cos núms. 299/2013 e 58/2014 foron desestimados polo xulgado do contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo, en sentenzas núm. 250, de 24 de novembro de 2014 e na núm. 249, de 24 de novembro, de 2014.

E é que, como se reflicte no informe que precede, é indiscutido:

- Que o Concello do Porriño utiliza conxuntamente co Concello de Vigo a Canle de Eiras.
- Que sen tal infraestrutura o Concello do Porriño non pode abastecer de auga á súa poboación, xa nin sequera podería beneficiarse da derivación da auga dende o Río Oitavén, porque a toma de auga a derivar a Porriño se realiza na nova canle de Eiras, na arqueta de inicio do sifón de Os Valos.
- Que a Canle de Eiras foi un investimento de reposición, custeado integramente polo Concello de Vigo a través da súa concesionaria, que realizouno no desenvolvemento do seu plan de investimentos.
- Que o Concello do Porriño nada investiu nesta infraestrutura, agás o pagamento puntual de oito facturas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 22 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pois ben o concello de Vigo, na resolución plenaria cuxa nulidade de pleno dereito se solicita, o que fai é determinar —previas as negociacións cos concellos implicados e, tamén, co de O Porriño (folios 60 e 61 do procedemento núm. 1911/500, que figura unido a este)— a contía que considera procede esixir do concello de O Porriño por razón da utilización da canle de Eiras e acorda reclamar deste a dita cantidade por medio de liquidacións bimensuais. Neste punto o acordo plenario en nada se diferencia da liquidación dunha débeda por persona física ou xurídica privada que se considera acreedora dun determinado debedor e reclama deste a débeda liquidada.

Ningún reproche de ilegalidade cabe, pois, facer ao acordo plenario impugnado; acordo plenario no que o concello de Vigo determina a cantidade que considera se lle debe polo concello de O Porriño pola utilización da canle de Eiras e acorda reclamála deste a través de liquidacións bimensuais, polo que os motivos de nulidade de pleno dereito do acordo plenario do concello de Vigo de 1998 ,aducidas polo concello de O Porriño, carecen manifestamente de fundamento.

Ademais o acordo plenario foi notificado ao concello de O Porriño e consentido por este, que non o recurriu nin formulou obxección algunha contra o mesmo.

Cumpre recordar aquí que é principio de dereito que «o silencio vale como declaración de vontade cando, dada unha determinada relación entre súas persoas, o modo corrente de proceder implica o deber de falar, xa que se o que pode e debe falar non o fai se debe reputar que consinte en aras da boa fe» e que a xurisprudencia do Tribunal Supremo ten declarado que para que o silencio teña relevancia a efectos de consentimento, require a concurrencia de dous factores (Sentencia del Tribunal Supremo nº 483/2004, de 9.06.2004). Un requisito subxectivo: que quen garda silencio teña coñecemento dos feitos que motivan a posibilidade de contestación; e outro obxectivo: que quen garda silencio teña a a obriga de contestar ou, cando menos, fora natural e normal que manifestase a súa disconformidade, se non quería aprobar os feitos ou propostas feitas pola outra parte.

O Tribunal Supremo sinala, con carácter xeral, que, cando no marco dunha relación xurídica preexistente unha das partes leva a cabo un acto concreto que debería obter unha resposta da outra, ben aceptándoo ben rexeitándoo, se esta última, puidendo e debendo manifestarse, GARDA SILENCIO, debe considerarse, en aras da boa fe, que ten consentido.

Pode, pois, afirmarse que co silencio do concello de O Porriño —que se abastece de auga gracias a canle de Eiras e ao que se lle comunica a estimación desglosada dos custes que se lle imputan— perfeccionouse un convenio polo cal o concello de O Porriño, que non discute a utilización da canle de Eiras, sufragada polo concello de Vigo, comprometeuse a pagar as cantidades reclamadas polo concello de Vigo pola utilización da dita canle que lle subministra auga, pois, de acordo cos artigos 1258 e 1262 do Código Civil os contratos —e, daquela, tamén os convenios— se perfeccionan polo consentimento sobre as cousas —o servizo da utilización da canle de Eiras para o subministro de auga ao concello de O Porriño, que lle presta o concello de Vigo ao de O Porriño, e as cantidades nas que o concello de O Porriño debe contribuír por tal utilización— e a causa do mesmo: as recíprocas prestacións que as dúas administracións municipais comprometen.

Pois ben, sen necesidade de entrar nas disquisicións que van feitas sobre o silencio do concello de O Porriño, o que vai dito é o que declaran as sentenzas núm. 250 e 249, de 24 de novembro de 2014, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, ditadas nos RC-A núms. 299/2013 e 58/2014, interpostos polo concello de O Porriño contra as liquidacións bimensuais correspondentes aos bimestres de maio/xunio, xullo e agosto, setembro/outubro e novembro/décembro de 2013.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 23 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dos antecedentes necesarios que reflicten as ditas sentenzas merece destacarse aquí os que seguen:

«4.- En sesión plenaria del Concello de Vigo de 27 de enero de 1998 se adoptaron dos acuerdos diferenciados. Por una parte, se procedió a efectuar una revisión de las tarifas que los mentados Concellos debían satisfacer a cambio del suministro. De otra, se abordó la situación particular concerniente al Concello de O Porriño. Se aceptó el hecho de que el embalse abastecía al Polígono industrial de ese término municipal conforme a lo proyectado, así como que dicho Concello se hallaba autorizado por la Administración estatal para gozar del aprovechamiento –en régimen de concesión- del caudal de 0,5 m3/seg proveniente de la presa.

La cuestión estribaba en que el Concello de O Porriño no había sufragado cantidad alguna por los gastos ocasionados por la conducción misma del agua, lo cual se consideraba un agravio comparativo con relación a los usuarios de la ciudad de Vigo.

En consecuencia, se acordó declarar exigible al Concello de O Porriño, con efectos de 1.1.1998, una serie de cantidades en concepto de participación en los costes de la infraestructura del Canal y Presa de Eiras, como consecuencia de la explotación de la concesión administrativa compartida con el Concello de Vigo:

- 7,20 pts/m3 por recuperación de inversión.
- 3.817.409 pts. por vigilancia del embalse. Equivale a 22.943,09 euros anuales, o 3.823,85 euros/bimestre.
- 3.297.500 pts. por mantenimiento y conservación del canal. Equivale a 19.818,37 € anuales, o 3.303,06 euros/bimestre.

Este acuerdo se notificó al Concello de O Porriño el 27 de febrero de 1998, sin que lo impugnara.

Conviene explicar aquí el contenido de las enumeradas partidas.

La primera, de recuperación de la inversión, no se trata de la suma total invertida en la construcción de la infraestructura, sino meramente de las obras ejecutadas en el bienio 1991-1993, encaminadas a la reposición del canal preexistente, que se hallaba en precarias condiciones de conservación, para garantizar el suministro de agua a los dos municipios.

El proyecto se denominó “Nuevo Canal de Eiras, tramo Presa-Sifón de los Valos” y tuvo un coste de ejecución de 2.638 millones de pesetas.

La segunda se corresponde con el 25% de los costes del personal asignado directamente a la vigilancia de la Presa.

La tercera calcula el mantenimiento y conservación del canal, tomando como referencia el 0,5% anual (equivalente al caudal que recibe O Porriño) y un coeficiente de disponibilidad del 25%.

(...)

7.- El 20 de abril de 2009 tuvo lugar una reunión entre representantes de los Concellos de Vigo y Porriño donde se hizo entrega al Concelleiro de Servizos del segundo de la documentación que recogía el importe de la deuda contraída con Aqualia. Se acordó que, una vez que el Concello de Vigo remitiese el desglose de los costes de explotación y mantenimiento de la presa de Eiras y del canal de conducción de agua, el



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 24 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Porriño comenzaría a pagar los recibos bimensuales que la concesionaria emitiese y presentaría un programa de pagos anual respecto de la deuda contraída que no podría exceder del período de vigencia de la actual concesión otorgada a Aqualia.

En esa misma fecha, el Concello de Porriño abonó una factura, por importe de 27.457,68 euros.

En el año 2012, pagaría otras siete, por un total de 139.391,47 euros».

E así, ao tratar da relación xurídica entre o concello de Vigo e o de O Porriño e as alegacións deste respecto do acordo plenario de 1998, as sentenzas a que nos referimos declaran que:

«TERCERO.- De la relación entre las dos Administraciones

No estamos en presencia de una relación de general ni especial sujeción.

Con el concepto de relaciones de especial sujeción se alude a aquellos supuestos en los que la relación de sometimiento o sujeción del ciudadano respecto de la Administración tiene una especial intensidad (funcionarios, presos, militares, estudiantes, etc), y el interés fundamental de tal categoría estribaría en que a su través se podría justificar una rebaja en las garantías jurídicas para ese ciudadano. Conviene subrayar que lo que es "especial" no es tanto la relación en sí, cuanto la intensidad de la sujeción, que no es la común de los restantes ciudadanos. Son relaciones jurídico-administrativas caracterizadas por una duradera y efectiva inserción del administrado en la esfera organizativa de la Administración, a resultas de la cual queda sometido a un régimen jurídico peculiar que se traduce en un especial tratamiento de la libertad y de los derechos fundamentales, así como de sus instituciones de garantía, de forma adecuada a los fines típicos de cada relación.

Es claro que no son éstos los parámetros de la relación entre los dos Concellos: no existe inserción en la organización administrativa, ni dependencia, ni ejercicio de potestades de una Administración sobre la otra.

Nos hallamos ante una relación de paridad desproporcionada. Paridad porque son dos Administraciones locales concesionarias de dominio público hidráulico; desproporcionalidad que deriva del diferente caudal que tienen derecho a recibir.

Lo que el Concello de Vigo ha pretendido desde 1998 es, de un lado, repercutir en el demandante el coste de la inversión de la canalización que hubo de acometerse en 1991 en aras al óptimo funcionamiento de la instalación, y, de otro, hacerle partícipe en los costes ordinarios de mantenimiento y vigilancia. En ambos casos, proporcionalmente a la participación que al actor le corresponde en la concesión compartida y de acuerdo con los términos del acuerdo plenario de 27 de enero de 1998.

Este acuerdo le fue notificado oportunamente al Concello de O Porriño y no lo impugnó, por lo que quedó firme y consentido.

Obviamente, podía y debía impugnarlo si no estaba conforme con su contenido, porque era su directo destinatario.

Ese acuerdo es el que se ha pretendido ejecutar regularmente, a medio de la emisión de recibos bimensuales por parte de Aqualia, impetrando el abono de las tres partidas que configuraban cada factura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 25 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO.- De la naturaleza jurídica de las liquidaciones giradas.

Los recibos bimensuales que conforman el objeto de controversia no contienen la exacción de una tasa, ni de un tributo. A diferencia de lo que acontece con otros Concellos limítrofes con los que el de Vigo ha alcanzado diferentes convenios para la distribución de agua del embalse a cambio de un precio, la suma dineraria que se viene regularmente reclamando al de O Porriño no guarda relación con el consumo y suministro de este recurso. No podría serlo, porque el demandante goza de una concesión que ha de ser respetada. La exigencia estriba en la corresponsabilidad en la asunción de los costes, en proporción a su participación en su génesis.

Así, se viene repercutiendo el precio de la inversión de la nueva canalización –que sirve a ambas entidades- y el gasto en mantenimiento y vigilancia de la planta.

V

As ditas sentencias foron confirmadas polo Tribunal superior de Xustiza de Galicia, que rexeitou os recursos de apelación interpostos contra as mesmas polo concello de Porriño, en sentenzas 636 e 637, de 2015, de 22 de outubro de 2015, que figuran no expediente, polo que o rexeitamento en vía xurisdiccional das razóns de nulidade de pleno dereito do acordo do concello de Vigo de 1998, aducidas polo concello de O Porriño, como fundamento da petición de nulidade das liquidacións bimensuais impugnadas, determina, tamén, a inadmisibilidade da súa petición de revisión de oficio do repetido acordo.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte, acordo...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Con data 21 de decembro, a Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, ditaminou favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e cinco votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Inadmitir a solicitude formulada polo concello de O Porriño de revisión de oficio do acordo adoptado polo Pleno do concello de Vigo, de data 27 de xaneiro de 1998, no que se aproba a tarifa pola subministración de auga aos concellos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 26 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e se determina a cifra esixible ao concello de O Porriño.

Segundo.- Rexeitar a revogación do dito acordo por ser este conforme a dereito.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao concello de O Porriño con indicación que este é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Pleno do concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

3.(236). APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA WORLD CAR CENTER. EXPTE. 18423/411 (EXPTE. PLENO 3656/1101).

ANTECEDENTES: Con data 24 de novembro a técnica de Admón. Xeral co conforme da Xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e do Xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe proposta;

“ANTECEDENTES DE FEITOS

Cómpre traer a colación como Antecedentes e Feitos máis salientables do presente expediente, de cara ao presente trámite de aprobación definitiva os que seguen:

I.- Con data do 10 de marzo de 2022, a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, dispuxo, entre outros pronunciamentos e no que aquí nos interesa , previo ditame do Consello da Xerencia emitido o 26.10.2021, tal e como resulta preceptivo, a adopción do seguinte acordo, do que se extracta a continuación o seu contido íntegro:

“(..) “Con data do 20.06.2021, D. Antonio Vaíllo Daniel e/r do “Consortio Zona Franca de Vigo”, insería no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU) ,baixo o COD. SOL.: W557228-3999 (Doc. Núm. 210096740), impreso de solicitude para a tramitación dun Estudo de Detalle que abrangue as parcelas 34-36, 38-40 e 42, sitas na Avda. Alcalde Portanet ao que xunta documentación consistente en: Estudo de detalle asinado polo arquitecto D. Antonio Vaíllo Daniel, e que abrangue os seguintes documentos, en formato pdf: Memoria do Estudo de Detalle, planos de información, planos de ordenación e certificado.

Á vista da documentación achegada, con data do 02.08.2021 a arquitecta xefa de planeamento de Desenvolvemento e Xestión, emite informe técnico no que conclúe a existencia de deficiencias, e que se proceda a achega de documentación complementaria e aclaratoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 27 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O antedito informe foi remitido ao arquitecto redactor, mediante oficio do Xerente de Urbanismo do 06.08.2021 (Not. Núm. 11809/2021), ao abeiro do pautado no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, conferíndolle un prazo de dez días, aos efectos de proceder a corrección das deficiencias detectadas na súa solicitude ou acompañe os documentos preceptivos.

En cumprimento do requirido, con datas do 10.09.2021 e 15.09.2021 , o arquitecto redactor achegaba a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo co COD. SOL. WEB: W599136-3452 e Núm. Documento 210185476, nova documentación técnica do Estudo de Detalle a tramitar, asinada con firma dixital válida por D. Antonio Vaillo Daniel con data 09.09.2021, e redactado por VAILLO IRIGARAY Y ASOCIADOS S.L.P na mesma data, documentación técnica que anula e substitúe á anteriormente presentada, así como documentación complementaria consistente en: Escritura pública de compravenda outorgada con data do 26.10.2018, por Dona Ana María Martínez González e outros a favor do Consorcio Zona Franca de Vigo (en diante CZF), perante o notario desta cidade D. Ernesto Regueira Núñez, ao número 2508 do seu protocolo, certificación de inscrición das parcelas que abrangue o Estudo de Detalle no Rexistro da propiedade, autorización de representación debidamente outorgada polo director do departamento de obras e solo D. José Ramón Torres Freire do CZF, para a tramitación do presente expediente ao estudo de arquitectura VAILLO IRIGARAY Y ASOCIADOS S.L.P, ou ao representante do dito estudio que eles consideren, certificación expedida polo secretario xeral do Consorcio da zona franca co visto e prazo do delegado especial do estado no CZF, comprensivo da sesión celebrada en data 07.11.2018 polo seu comité executivo, no que, entre outros asuntos, se acordou, outorgar poder especial a D. José Ramón Torres Freire, na súa condición de director do departamento de obras e solo, para que en nome do CZF, poida comparecer perante calquera administración pública.

Elevada a antedita documentación á arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, con data do 21.10.2021 emite informe técnico, de carácter favorable á aprobación inicial do expediente que nos ocupa, do que se reproduce a continuación o seu teor literal, para unha mellor comprensión do seu pronunciamento técnico,

“(…) En data 15.09.2021 Antonio Vaillo Daniel presentou documentación (nºdoc 210185476) para tramitación dun Estudo de Detalle situado na Avda Alcalde Portanet, nos números 34-36, 38-40 e 42. O estudo redáctase para permitir a implantación do denominado World Car Center, promovido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.

A documentación presentada nesa data consta de:

- Solicitude de tramitación.*
- Escrituras de compravenda de locais en planta soto, plantas baixa, primeira e segunda do edificio situado no número 38-40. Estas plantas completas son propiedade do Consorcio da Zona Franca.*
- Fotocopia do Rexistro da Propiedade relativo ás parcelas 34-36 e 42, enténdese que son restos da finca matriz inicial do CZF.*
- Autorización asinada por José Ramón Torres Freire (en representación do CZF) a Vaillo Irigaray y Asociados SLP, para redacción e tramitación deste estudo de detalle.*
- Memoria do Estudo de Detalle.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/02/2023 09:30

Páxina 28 de 78

3703-1101

CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

– DVD coa documentación técnica de estudo de detalle.
Este informe refírese á documentación técnica contida no DVD.

A documentación técnica do Estudio de Detalle ven asinada polo arquitecto D. Antonio Vaíllo Daniel (estudo de arquitectura Vaíllo Irigaray y Asociados SLP).

1. DOCUMENTACIÓN DE ESTUDIO DE DETALLE PRESENTADA:

Preséntanse dúas carpetas, unha cos arquivos con formato .pdf y outra cos arquivos en formatos editables.

As carpetas en .pdf seguen a estrutura:

- MX. Nesta carpeta se achega a memoria xustificativa e un anexo cun informe de Augas de Galicia. Este arquivo carece dos preceptivos marcadores.
- PINF. Nesta carpeta se inclúen planos de información
- PORD: Esta carpeta contén os planos de ordenación.

No formato editable achéganse dúas carpetas:

01.DOC_EDIT

02.FONTE_DATOS

A primeira segue o mesmo esquema que os formatos .pdf.

A memoria xustificativa en formato editable é un arquivo en formato .docx e os planos se achegan en formato .qgis e .dwg.

Na carpeta “02.FONTE_DATOS” achéganse as imaxes e unha cartela en formato .dwg. Esta carpeta debería conter as capas en formato .shp do proxecto en .qgis. Cuestión que pode corrixirse nas seguintes fases da tramitación.

2. SITUACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS E MOTIVOS QUE XUSTIFICAN A REDACCIÓN DESTE ESTUDIO DE DETALLE.

As parcelas que abarca este estudo de detalle están situadas nos números do 34 ao 42 da Avda Alcalde Portanet. O solo está clasificado no plan xeral vixente, PXOU 1993, como solo urbano, con ordenanza de aplicación 1.1.B.

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG nº. 106, do día 03.06.2008; BOP nº. 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG nº. 144, do día 24.07.2009; BOP nº. 175, do día 10.09.2009).

Débase precisar que o planeamento xeral vixente con anterioridade ao 2008, coñecido como PXOU 93 ou Plan Xeral de 1993, en realidade trátase do denominado Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 29 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.

A ORDENANZA 1.1.B de EDIFICACIÓN PECHADA, corresponde á edificación en cuarteiróns pechados, co seu patio de cuarteirón e con utilización opcional de patios de parcela. O uso específico é o de vivenda colectiva e todo o conxunto de usos de centralidade cidadá.

Dentro desta ordenanza distínguense diferentes grados, o grado B corresponde coa denominada "Área Central".



Reproducción de parte das follas 14-30 e 15-30 do plano de CLASIFICACIÓN E CALIFICACIÓN do PXOU 1993 coas parcelas sinalada en azul. Debúxanse as liñas sinaladas polo PXOU 93.

Aliñacións e rasantes:

As aliñacións exteriores e as rasantes exteriores serán as definidas polo PXOU ou polos seus instrumentos de desenvolvemento. En canto ás rasantes serán así mesmo e en xeral as existentes, salvo nas rúas de novo trazado, onde se fixarán a partir das interseccións con rúas actuais; os axustes das rasantes levaranse a cabo ó redacta-los correspondentes proxectos de pavimentación.

Como se pode observar na imaxe que reproduce o PXOU 1993 a zona onde se atopa a parcela final (Avda Alcade Portanet Nº42) ten como unha dobre aliñación, por unha banda débúxase a liña que separa a beirarrúa da parcela e existe outra aliñación que separa parcela 3.1.C., zona verde, da parte na que se situaría a



Copia do documento - Concello de Vigo
3703-1101

Data impresión: 20/02/2023 09:30 Páxina 30 de 78
CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

edificación. É a correspondente á edificación á que se pretende reaxustar, o do vial vai permanecer igual.

Na ordenanza 1.1.B. Establécese:

En determinados casos, debidamente xustificadas, por razón dunha mellor adaptación ó ambiente o para a obtención de dotacións; nos que se poidan presentar solucións de axuste con edificacións lindantes que superen notablemente a altura fixada no planeamento e xeren problemas estéticos que poidan resolverse deste modo, poderase, de oficio o a instancia dos interesados presentar un estudio con propostas alternativas que reaxusten as alturas, rasantes e aliñacións previstas no planeamento, con especificación de:

- Situación actual e arredores.
- Determinacións do planeamento
- Aproveitamento derivado do planeamento é das propostas presentadas.
- Cesións e materialización do exceso do aproveitamento no seu caso.

Será necesaria a realización dun estudo de detalle sempre que os terreos sobre os que se actúe sexan superiores a 500 m² ou o aproveitamento proposto supere nun 30 % ó derivado do planeamento.

En base ao establecido neste artigo se redacta e se presenta este estudo de detalle. Tal e como se recolle na memoria xustificativa, as edificacións existentes presentan tres medianeiras que se aprecian perfectamente desde a rúa. Por outra banda, pola parte de atrás das edificacións descorre o río Lagares. A aliñación da edificación no número 42 "invade" a zona de servidume de augas. Tamén as traseiras do edificio intermedio, nas plantas soto, baixa, primeira e segunda do número 38-40, atópanse sobre dita servidume, sendo uns dos obxectivos deste estudo de detalle: a eliminación desta parte traseira que avanza sobre o río e a separación da aliñación da zona de servidume do río. Polo tanto, sen o reaxustes das aliñacións a edificación nesta parcela estaría comprometida xa que sería difícil acadar a autorización de Augas de Galicia.

Na memoria xustificativa se recollen as alternativas avaliadas e a escollida en base a obtención dun edificio que se adapta ao entorno e "envolvendo" a edificación intermedia para conseguir unha mellor imaxe do conxunto formado polos números 34-36, 38-40 e 42.

A regulación dos estudos de detalla ven dada polos artigos 79 e 80 da LSG e artigos 192, 193 e 194 do RLSC.

Condicións de uso:

As condicións de uso serán as establecidas no capítulo 3.3.2 das Normas Urbanísticas do Plan Xeral:

- Vivenda colectiva en Categoría única
- Garaxe-aparcamento: A superficie, de garaxe, en todo caso, será a necesaria para asegurar o número de prazas correspondentes ao uso característico do edificio. Anexo a outros usos: Categoría 1, 2, 3. En edificio exclusivo: Categoría 1 e 2.
- Artesanía: Cat. 1 e 2.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 31 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Industria: 1.Industrial Categoría 1 e 2 (obrigatoriamente disposta segundo as condicións dda Ordenanza 2.2.D. 9 Auga, gas electricidade, etc., categoría 1. 0. Almacén cat. 1 e 2.*
- *Aloxamento colectivo: Hoteleiro categoría 1, 2, 3 e 4.*
- *Residencias institucionais. Cat.1, 2, 3 e 4.*
- *Comercial: En edificio exclusivo. Cat. 1, 2 e 3. En edificio con outros usos. Cat.1, 2 e 3.*
- *Oficinas: En edificio exclusivo cat. 1, 2 e 3. En edificio con outros usos que non sexan vivenda, categoría 1 e 2.*
- *Espectáculos: Locais pechados cat.1, 2 e 3. Ao aire libre. Categoría única.*
- *Lugares de reunión: Locais pechados, en edificio exclusivo categoría 1, 2 e 3. En edificio con outros usos categoría 1.O aire libre: categoría única.*
- *Relixioso.*
- *Cultural.*
- *Deportivo. Locais pechados cat.1. En edificio exclusivo categoría 1, 2 e 3. Ao aire libre cat. Única.*
- *Sanitario: En edificio exclusivo cat. 1, 2 e 3. En edificio con outros usos cat. 1, 2 e 3.*
- *Servizos Xerais.*

3. PARCELAS QUE COMPRENDE O ESTUDO DE DETALLE:

As parcelas que abarca o estudo de detalle son as que teñen como referenzas catastrais:

- *1935910NG2713N0001PX. Parcela propiedade do Consorcio da Zona Franca. Superficie segundo o catastro: 2.278 m2.*
- *1935911NG2713N. Parcela con división horizontal, con varios propietarios. Superficie da parcela segundo o catastro: 1.032 m2.*
- *1935912NG2713N0001TU. Parcela propiedade do Consorcio da Zona Franca. Superficie segundo o catastro: 555 m2.*

Débase ter en consideración que este estudo de detalle afecta a unha parcela edificada e con división horizontal polo que haberá que ter en consideración aquelas cuestións xurídicas pertinentes que incidan nas autorizacións necesarias por parte da comunidade de propietarios xa que se proxecta o corte dunha parte da edificación que corresponde coa propiedade do Consorcio da Zona Franca, pero que en todo caso contén elementos comúns do edificio e, tamén, se proxecta "envolver" as fachadas existentes, elementos comúns polo tanto, cunha nova pel co obxectivo de unificar a imaxe do conxunto.

SUPERFICIE TOTAL DO ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE: 3.865 m2, segundo o Catastro.

Achégase nos planos de información un levantamento topográfico do ámbito, con todo non se reflicten as superficies das parcelas derivadas de dito levantamento. Nas próximas entregas deberá completarse o levantamento topográfico cun parcelario no que se inclúan as superficies das parcelas.

4. EXPEDIENTES DE ALIÑACIÓN E RASANTE.


Constan no programa Xestión de Expedientes dous expedientes cos números 16817/411 e 16818/411




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 32 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En data 21.12.2018 foron emitidas actas de aliñación e rasante das parcelas baleiras, números 34-36 e 40. Estas aliñacións foron recollidas na documentación do estudo de detalle.

O estudo de detalle proxecta un reaxuste de ditas aliñacións por dúas razóns, unha para separarse do cauce do río e para non xerar novas medianeiras. Así no número 34-36, a aliñación axústase ás medianeiras existentes. No caso do número 40 a aliñación se despraza ao límite do corpo de dez plantas, deste xeito tamén se separa do cauce do río. Este reaxuste está previsto na propia ordenanza 1.1.B., que establece a posibilidade do reaxuste das aliñacións para unha mellor adaptación ao ambiente e no caso que se xeren problemas estéticos, presentando para elo un estudo das alternativas de edificación. Neste caso o estudo de detalle valora diferentes alternativas, elixindo a que parece máis axeitada para esta peza de remate da Avda Alcalde Portanet, con dous obxectivos: o tapado das medianeiras e o de liberar terreos a carón do río Lagares para proxectar un plaseo peonil na parte traseira destes edificios.



Reproducción dos planos das actas de aliñación e rasante exptes 16817/411 e 16818/411



5. CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DOS ESTUDOS DE DETALLE



Copia do documento - Concello de Vigo
3703-1101

Data impresión: 20/02/2023 09:30

Páxina 33 de 78

CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQL7-N5ML2G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A regulación dos estudos de detalle ven dada polos artigos 79 e seguintes da LSG e 192 e seguintes do RLSG.

O artigo 192 do RLSG establece:

Artigo 192. Estudos de detalle

1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes (artigo 79.1.a) da LSG). Os estudos de detalle cuxa finalidade sexa reaxustar ou completar as aliñacións e rasantes poderán comprender os seguintes contidos:

a.1) Establecemento das aliñacións e rasantes, cando non estean fixadas no plan ao cal completen, respecto dos viarios que naquel se prevexan.

A posibilidade de establecer aliñacións e rasantes a través de estudos de detalle limitarase ás vías da rede de comunicacións definidas no plan que aquel complementa.

a.2) A adaptación ou reaxuste á realidade do terreo ou do viario, das aliñacións e rasantes xa fixadas polo plan. Esta determinación de ningún xeito poderá supor unha alteración do dito plan, nin permitir a redución da anchura do espazo destinado a viarios ou das superficies destinadas a espazos libres, nin orixinar aumento de volume ao aplicar as normas u ordenanzas ao resultado da adaptación ou reaxuste realizado.

b) Ordenar os volumes edificables (artigo 79.1.b) da LSG).

Os estudos de detalle que teñan como finalidade a ordenación de volumes poderán comprender os seguintes contidos:

b.1) A asignación concreta ás parcelas dos volumes edificables, cando tal previsión non se conteña no plan.

b.2) A reordenación dos volumes de acordo coas especificacións do planeamento.

c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento (artigo 79.1.c) da LSG).

Os estudos de detalle que teñan por finalidade a concreción das condicións estéticas e de composición das edificacións poderán referirse, de conformidade co planeamento que resulte de aplicación, aos seguintes contidos:

c.1) Condicións de integración das edificacións no seu contorno.

c.2) Condicións de intervención nos inmobles do patrimonio, ou nas edificacións obxecto de protección urbanística e no seu contorno. Neste caso, o estudo de detalle someterase a informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de patrimonio cultural, de acordo coa normativa de aplicación na dita materia, antes da súa aprobación definitiva.

2. Os estudos de detalle en ningún caso poderán:

a) Alterar o destino urbanístico do solo (artigo 79.2.a) da LSG).

b) Incrementar o aproveitamento urbanístico (artigo 79.2.b) da LSG).

c) Reducir as superficies destinadas a vías, espazos libres ou dotacións públicas (artigo 79.2.c) da LSG).

d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen (artigo 79.2.d) da LSG).

e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso (artigo 79.2.e) da LSG).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/02/2023 09:30

Páxina 34 de 78

3703-1101

CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- f) Parcelar o solo (artigo 79.2.f) da LSG).
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan (artigo 79.2.g) da LSG).
- h) Establecer novos usos e ordenanzas (artigo 79.2.h) da LSG).

Para os efectos do disposto na letra c), entenderase por dotacións públicas, ademais dos viais e dos espazos libres, os equipamentos públicos e as infraestruturas.

Obxectivos do Estudo de Detalle:

OBXECTIVO: REAXUSTE DE ALIÑACIÓNS

Neste sentido o estudo de detalle achegado encaixa no apartado a) xa que se prevé un reaxuste das aliñacións. Indicar que dito reaxuste está previsto na propia ordenanza que o permite por razóns estéticas e de adaptación ao ambiente como é o caso. Pero tamén hai que ter en conta que ese reaxuste é obrigado para non invadir a zona de protección de augas e cauces do río Lagares, permitindo como mínimo un ancho de 5 metros desde o cauce. Con todo, esta solución, que mellora a situación do curso fluvial, deberá, en todo caso, ser informada polo organismo correspondente, neste caso Augas de Galicia.

Tampouco, como se pode comprobar nos planos que se achegan, se reduce o espazo destinado a viario ou a zonas verdes, ao contrario. No que se refire ao viario non hai alteración, xa que a aliñación dos viais existentes (Avda Alcalde Portanet e Rúa do Val Miñor) non se modifica. A que se reaxusta é a que separa a zona clasificada como 3.1.A de zona verde das edificacións, neste caso a zona con ordenanza 3.1.A non se reduce, no caso das tres parcelas o estudo de detalle prevé unha menor ocupación do solo:

Avenida Alcalde Portanet	SUPERFICIE OCUPADA	
	LIÑA PXOU1993	LIÑA REAXUSTADA
Nº42	330,13 m2	329,69 m2
Nº38-40	1.059,25 m2	926,70 m2
Nº34-36	1.326,49 m2	1.267,91 m2

Pódese comprobar como a ocupación é menor despois do reaxuste, o cal permite liberar máis superficie de solo para zona verde na parte adxacente ao río.

A posibilidade do aumento de volume é unha determinación da ordenanza 1.1.B, que permite nos casos nos que existan medianeiras vistas o tapado das mesmas mediante un estudo con propostas das alternativas ou un estudo de detalle cando a superficie afectada supere os 500 m2., que é o caso. Polo tanto se trata dunha determinación contida no plan xeral vixente.

No que se refire á edificabilidade, na Memoria Xustificativa se recollen as edificabilidades posibles coa ordenación establecida polo planeamento xeral e a que se deduce do estudo de detalle. As parcelas baleiras están dentro da ordenanza 1.1.B. cunha altura de 7 plantas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 35 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No apartado 1.10 "ESTUDO COMPARATIVO DA EDIFICABILIDADE" da Memoria Xustificativa do E.D. achegado pódese comprobar como a edificabilidade total que se deduce da solución adoptada é menor que a que se derivaría da aplicación directa do PXOU 1993. Isto é posible porque o número de plantas que se pretende construír é o mesmo que o que establece o PXOU 1993 vixente, as plantas permitidas (7) se proxectan con maior altura por dous motivos, un o de acadar a altura das medianeiras vistas existentes e posibilitar o seu tapado e o outro vendado pola necesidade dos espazos proxectados na futura edificación proxectada para o denominado World Car Center no que se pretenden ubicar espazos de traballo das empresas da automoción, laboratorios, espazos para a formación, etc. Estes espazos precisan dunha maior altura entre forxados ca unha vivenda.

Se a edificabilidade resulta de multiplicar por sete a superficie delimitada polas medianeiras e aliñacións e a ocupación resultante das aliñacións reaxustadas é menor ca derivada das fixadas polo PXOU 1993, a edificabilidade que proxecta o estudo de detalle vai ser menor ca que se deduce da aplicación directa do PXOU 1993.

OBXECTIVO: CONCRETAR AS MEDIDAS ESTÉTICAS E DE COMPOSICIÓN DAS EDIFICACIÓNS COMPLEMENTARIAS AO PLANEAMENTO.

Este estudo de detalle pretende ademais concretar as condicións estéticas e de composición das fachadas dun conxunto edificatorio situado no remate da rúa Avda Alcalde Portanet e a carón do río Lagares.

Téntase con este estudo de detalle crear unha imaxe urbana acaída para esta zona de xeito que se xeren unhas fachadas homoxéneas que integren á súa vez o edificio de vivendas que se sitúa entre as dúas parcelas baleiras de edificación. Tamén é interesante a creación dunha fachada con cualidades estéticas cara á marxe do río Lagares, xa que era costume nestas zonas deixar as fachadas das edificacións que daban cara ao río como paredes exteriores de baixa calidade e sen ningún tratamento estético nin na súa composición, nin nos seus materiais.

O estudo de detalle proxecta unha fachada semellante á da que dá fronte á Avda Alcalde Portanet, coa previsión da demolición dun corpo de tres plantas que avanza cara ao río.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 36 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Imaxe dalgunhas das traseiras ao río da Avda Alcalde Portanet (fonte Street View)



Imaxe na que se ve o corpo da edificación que se pretende cortar e as medianeiras existentes que se pretenden tapar (fonte Street View)

6. USOS DA EDIFICACIÓN.

Comprobamos que os usos proxectados se axustan ao réxime de usos previsto na ordenanza 1.1.B. do PXOU 1993.



Copia do documento - Concello de Vigo
3703-1101

Data impresión: 20/02/2023 09:30

Páxina 37 de 78

CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQL7-N5ML2G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo se recolle na propia Memoria Xustificativa do WCC “pretende ser un complexo de diferentes iniciativas promovidas por el Sector de la Automoción de Galicia, para impulsar el emprendimiento y su conocimiento más allá de nuestras fronteras”.

“... el WCC cuenta con diversos espacios de trabajo e investigación como co-working de aceleración, co-working de consolidación, laboratorios DIY, grandes oficinas para diversas entidades del sector, etc. Cuenta igualmente con zonas de formación y espacios mixtos para mostrar los avances y las tecnologías del sector. Acompañan a estos usos, además, un salón de actos para conferencias espeicalizadas, una zona interna privada de restauración y una cafetería”.

7. SITUACIÓN NO PXOM APROBADO INICIALMENTE E COMPATIBILIDADE DA ORDENACIÓN

En data 36.08.2021 o Pleno do Concello de Vigo aprobou inicialmente o documento de plan xeral de ordenación municipal.

Neste plan xeral estas parcelas están clasificadas como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación U3.A, altura B+6, e 23 metros de fondo.

O artigo 73 da normativa urbanística do PXOM aprobado inicialmente establece:

Art. 78.Ordenanza U3. Edificación lineal densa.

1. Delimitación e ámbito.

Comprende esta ordenanza as pezas de solo urbano de carácter lineal sobre viario da cidade con predominio da tipoloxía de vivenda colectiva entre medianeiras, segundo se delimita os planos de ordenación.

2. Sistema de ordenación.

Fíxase un sistema de ordenación por edificación adosada en liña sobre a aliñación, quedando definida graficamente pola fixación da aliñación, o fondo edificable, e a altura máxima permitida.

3. Parámetros e condicións da edificación.

Respectaranse as aliñacións, fondos e alturas máximas edificables definidos en planos de ordenación segundo a morfoloxía de cada área e as súas condicións de consolidación, non permitíndose a creación de paredes cegas ou medianeiras distintas das que poidan xurdir nos lindeiros laterais por aplicación desta Ordenanza.

Non se establece parcela mínima. A efectos de parcelación establécese unha fronte mínima de parcela de 8 metros.

A planta baixa poderá exceder o fondo máximo establecido ata un máximo de 20 metros medidos desde a aliñación exterior, mantendo a altura máxima establecida para esta planta sobre a rasante do terreo, no límite posterior da zona e respectando un recuamento mínimo de 3 m ao mesmo.

A altura máxima permitida da edificación en número de plantas non poderá superar en metros as seguintes magnitudes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 38 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para 7 plantas a altura máxima se fixa en 22,50 m.

Esta altura respectarase en todo o fondo edificable. Cando a nova edificación sexa colindante con outra existente que presente unha medianeira vista de altura superior á autorizada, poderá redactarse un estudo de detalle co obxecto da súa integración, permitíndose incrementar a altura en metros da nova edificación, respectando o número de plantas e a superficie máxima edificable.

Por enriba da altura máxima de edificación poderán autorizarse, nas condicións establecidas no art. 62.6 da presente Normativa, usos dos permitidos na planta inmediatamente inferior, vinculada funcionalmente a ela mediante escaleira interior, e usos complementarios de trasteiros e tendedeiros nas condicións que se fixan nas vixentes normas de habitabilidade.

Autorízanse voos nas condicións establecidas no artigo 62.13 e 14 das presentes Normas e sen ocupar máis do 25% da superficie da fachada.

Deberanse tratar as fachadas exterior e interior do volume construído de forma homoxénea e unitaria en canto a materiais e textura, independentemente de que ditas fachadas se abran a espazos públicos ou ao interior da propia parcela. Dito tratamento deberá manterse para as plantas baixas e as súas prolongacións en todos os parámetros libres, así como no seu caso, para os paramentos vistos de plantas baixo rasante.

As plantas baixas, semisotos e sotos terán a consideración de tales sempre en referencia á rasante da vía á que o edificio dea fronte e na totalidade do fondo máximo edificable para as plantas de piso. A partir de dito fondo terán a consideración que lle corresponda en función da rasante natural do terreo en cada punto e regularanse como edificación ao interior da parcela que acolla a edificación principal.

Autorizaranse semisotos sempre que queden incluídos na altura máxima permitida. Os usos autorizados para os semisotos serán os complementarios aos autorizados na planta baixa, ademais do uso de garaxe. Igualmente, autorizarase a construción de plantas soto para albergar as instalacións técnicas do edificio, usos complementarios dos autorizados e garaxe-aparcamento. Tanto os sotos como os semisotos presentarán a mesma ocupación en planta que a planta baixa.

Autorízase a construción de entreplantas, que en ningún caso poderán ocupar máis do cincuenta (50) por cento dos locais de planta baixa, e computarán como superficie.

No que respecta os voos deberá estudarse a compatibilidade dado que a solución proposta no estudo de detalle supera o 25% da fachada, non obstante no resto dos parámetros pódese comprobar que a solución edificatoria que se recolle no estudo de detalla cumpriría o resto dos parámetros da ordenanza U3, e polo tanto, en xeral, existe compatibilidade entre ambos planeamentos.

O uso característico é o residencial permitindo usos Terciarios, educativos, etc. Polo tanto os usos previstos no estudo de detalle tamén estarían previstos na ordenanza do PXOM aprobado inicialmente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 39 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8 CONCLUSIÓN

No que se refire ao formato da entrega do estudo de detalle deberán modificarse algunhas cuestións menores nas seguintes fases da tramitación (marcadores no .pdf da memoria xustificativa e organización das carpetas do formato editable conforme ao establecido nas NNTTP). Así como a inclusión no plano topográfico da superficie delimitada polas parcelas incluídas no ámbito do estudo de detalle.

No que se refire á documentación mínima requirida no artigo 193 do RLSG, o estudo de detalle achegado contén memoria xustificativa, na que se inclúe un estudo comparativo das edificabilidades; planos de información e planos de ordenación pormenorizada do ámbito. Polo tanto cumpre o establecido no dito artigo.

No que se refire ás condicións establecidas para os estudos de detalle tanto na LSG (artigos 79 e 80) como no RLSG (artigos 192,193 e 194) este estudo de detalle cumpre o establecido nesta lexislación urbanística.

No que se refire ao cumprimento do PXOU 1993 as edificacións proxectadas se axustan ao contido da ordenanza 1.1.B. que ademais doutros parámetros recolle a posibilidade de tapado de medianeiras e de reaxuste das aliñacións. (..)”.

II.- FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- *Rdlex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU),*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG),*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e a súas modificacións*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,*
- *Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia,*
- *PXOU93, Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,*
- *Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, (PEEC) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data 25 de Outubro de 1990,*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),*
- *LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),*
- *O resto de disposicións que poidan afectar,*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 40 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.-Previsións do Planeamento de aplicación ; Ámbito, obxecto e alcance do Estudo de Detalle

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, PXOU-93 nomeado " Expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e cuxa aprobación definitiva foi publicada no DOG núm. 87 o 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no BOP núm 133, do 14 de xullo de 1993.

O Estudo de Detalle que nos ocupa ten por obxecto reaxustar as aliñacións das parcelas sitas nos núm. 34 ao 42 da Avenida Alcalde Portanet, clasificado no vixente PXOU de 1993, como solo urbano consolidado, con ordenanza de aplicación 1.1.B de edificación pechada que corresponde a edificación en cuarteiróns pechados, sendo o seu uso específico o de vivenda colectiva e todo o conxunto de usos de centralidade cidadá.

Dita Ordenanza de aplicación, distingue diferentes grados, sendo o grado B o que se corresponde coa nomeada "Área Central", establecendo que,

"(..)En determinados casos, debidamente xustificadas, por razón dunha mellor adaptación ó ambiente o para a obtención de dotacións; nos que se poidan presentar solucións de axuste con edificacións lindantes que superen notablemente a altura fixada no planeamento e xeren problemas estéticos que poidan resolverse deste modo, poderase, de oficio o a instancia dos interesados presentar un estudio con propostas alternativas que reaxusten as alturas, rasantes e aliñacións previstas no planeamento, con especificación de:

- Situación actual e arredores.*
- Determinacións do planeamento*
- Aproveitamento derivado do planeamento é das propostas presentadas.*
- Cesións e materialización do exceso do aproveitamento no seu caso.*

Será necesaria a realización dun estudio de detalle sempre que os terreos sobre os que se actúe sexan superiores a 500 m2 ou o aproveitamento proposto supere nun 30 % ó derivado do planeamento(..)"

O pautado na dita ordenanza lle serve de fundamentación ao presente Estudo de Detalle.

O reaxuste de aliñacións proposto, está previsto na propia ordenanza que o permite por razón estéticas e de adaptación ao ambiente, que é o obxectivo do presente; Asemade, compre indicar que dito reaxuste resulta necesario para non invadir a zona de protección de augas e cauces do río lagares, permitindo como mínimo un ancho de cinco metros dende o cauce, mellorando deste xeito a situación do curso fluvial.

Pola súa banda, pretende concretar as condicións estéticas e de composición das fachadas dun conxunto edificatorio sito ao remate da dita Avda. Alcalde Portanet e ao carón do río lagares, creando así unha imaxe urbana acada, cuxo resultado serán unhas fachadas homoxéneas que integren ao mesmo tempo o edificio de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 41 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vivendas sito entre as dúas parcelas baleiras de edificación; Asemade non se produce unha redución do espazo destinado nin a viario nin a zonas verdes, a aliñación dos viais existentes, isto é a Avda Alcalde Portanet e a Rúa do Val Miñor, non se ven afectadas, acadando o ámbito unha superficie total de 3.865 m2, de conformidade coa ficha catastral, e coa seguinte superficie ocupada, segundo o indicado no cadro resume da súa memoria xustificativa:

Avenida	SUPERFICIE OCUPADA	
	LIÑA PXOU1993	LIÑA REAXUSTADA
Alcalde Portanet		
Nº42	330,13 m2	329,69 m2
Nº38-40	1.059,25 m2	926,70 m2
Nº34-36	1.326,49 m2	1.267,91 m2

O ámbito e obxecto do presente instrumento, se reflicten polo miúdo na Memoria xustificativa presentada, así como no informe suscrito con data do 21.10.2021 pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, no que asemade, fai constar expresamente, a compatibilidade da ordenación prevista no Estudo de detalle coa Revisión do PXOU/1993, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 26.08.2021, e neste intre en fase de información pública (DOG núm.199 do 15.10.2021)

Pola súa banda, e no que atinxe á subsanación do requirido, verbo da emenda da documentación a presentar, -que reviste dun carácter meramente xurídico-, e logo do seu axuízamento pola técnica que subscribe, válidase a mesma a través da presente proposta, e conclúese que o expediente esta completo, e propónse a súa aprobación inicial de conformidade coa normativa de pertinente aplicación.

A teor do exposto, o presente Estudo de Detalle cumpre co establecido no artigo 79 da LSG, así como nos artigos 192 e 193 do RLSG.

III.- Os Estudos de Detalle na LSG e no RLSG

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG),- artigos 79 e 80,- e en similares termos o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos seus artigos 192 e seguintes-, regulan, entre os instrumentos de planeamento urbanístico, os estudos de detalle, que se poden redactar, en desenvolvemento dos plans xerais, parciais e especiais, coa finalidade, exclusivamente, de completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes, ordenar os volumes edificables, así coma concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento, mantendo as súas determinacións.

Estes instrumentos de planeamento en ningún caso poderán alterar o destino urbanístico do solo, incrementar o aproveitamento urbanístico, reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen, aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 42 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

intensidade de uso, parcelar o solo, descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan nin establecer novos usos e ordenanzas.

En definitiva, os Estudos de Detalle veñen limitados, pola imposibilidade de modificar as determinacións fundamentais do Plan xeral, incluídas a altura e o número de plantas construíbles, a redución de espazos destinados a viais, a redución do volume e altura edificables, a modificación dos coeficientes de edificabilidade e distancias ás extremas nin tampouco alterar o aproveitamento establecido polo Plan xeral.

IV.- Documentación do Estudo de Detalle

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, adica os artigos 192, 193 e 194 a regular os Estudos de Detalle.

De forma taxativa o artigo 192, establece os documentos que deberán conter os Estudos de Detalle, do seguinte xeito:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das exixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*
- Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.*
- Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.*
- Planos a escala adecuada e, como mínimo, 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e á súa relación coa anterior e análise gráfica dos volumes ordenados, se é o caso, comprensivo do seu ámbito e do seu contorno.*

Revisada a documentación achegada, e tal e como indica o informe técnico incorporado ao expediente de 21.10.2021, a mesma cumpre cos requisitos documentais relacionados no parágrafo anterior e conta cunha copia do seu contido, en soporte dixital, incorporada ao procedemento. Asemade, observa as limitacións anteriormente referidas, que pautan o alcance dos estudos de detalle

V.- Formulación e aprobación dos Estudos de Detalle

Os estudos de detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no eido urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo (art. 80.1 LSG e 194.1 RLSG); Neste suposto os particulares que o formulan, isto é o Consorcio Zona Franca esta lexitimado para a súa formulación, ao representan mais do 50 % da propiedade do eido, tal e como se manifesta na Memoria xustificativa e documentación xustificativa xuntada á mesma, asinada polo equipo redactor con datas do 09.09.2021 e 15.09.2021 e de cuxa veracidade responden.

Serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos despois a información pública, durante un prazo mínimo de un (1) mes (art. 80.2 da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 43 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LSG e 194.2 RLSG), mediante anuncio que se inserirá no “Diario Oficial de Galicia” e nun dos xornais de maior difusión da provincia, ademais de na sede electrónica do Concello, ao abeiro do disposto na lexislación de réxime xurídico do sector público e na de transparencia, acceso á información e bo goberno.

O RLSG, no seu art. 194.2, establece, que dita aprobación inicial será obxecto de notificación individualizada a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, que poderán amosar a súa conformidade ao documento inicialmente aprobado ou presentar as alegacións que estimen procedentes na defensa dos seus dereitos; De ser o caso, solicitaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, e en todo caso, pola a súa posible afección /incidencia no ámbito: Informe de Augas de Galicia, así como o informe da Subdirección xeral de aeroportos e navegación aeronáutica da Dirección Xeral de Aviación Civil.

VI.- Aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimemente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben este é esencial en canto que inicia o procedemento e, amais, no sentido de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante da anulabilidade do procedemento (art. 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Asemade, este acto de aprobación inicial implica unha toma de posición, sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e a súa normativa.

VII.- Órgano competente

O art. 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, na redacción conferida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, de tal xeito que a aprobación inicial dos Estudos de Detalle atribúese á Xunta de Goberno Local.

Atendendo ao exposto, e de conformidade co informe emitido pola arquitecta municipal xefa do servizo de planeamento e xestión do 21.10.2021 , que se incorpora e lle serve de motivación a presente proposta, consonte ao establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, se o estima procedente e previo sometemento do asunto ao Consello da XMU, a adopción do seguinte, ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ao Estudo de Detalle formulado polo Consorcio Zona Franca de Vigo, co obxecto do reaxuste de aliñacións das parcelas sitas nos números 34 a 42 da Avenida Alcalde Portanet, inserido no Rexistro electrónico desta XMU con datas do 10.09.2021 e 15.09.2021 co COD. SOL. WEB: W599136-3452 e Núm. Documento 210185476, instrumento urbanístico redactado polo estudo de arquitectura “VAILLO IRIGARAY Y ASOCIADOS S.L.P” con data do 09.09.2021 e asinado con firma dixital válida polo arquitecto técnico D. Antonio Vaillo Daniel.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 44 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUNDO.- Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios, por conta dos promotores, que se publicarán no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica do Concello de Vigo, con notificación individualizada aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos.

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo xunto co instrumento urbanístico inicialmente aprobado, debidamente dilixenciado, á Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea, da Dirección General de Aviación Civil, toda vez que o presente Estudo de Detalle atópase abranguido no eido das servidumes aeronáuticas establecidas no Plan Director do Aeroporto de Vigo, para que procedan a emitir, de ser necesario, o informe previsto na Disposición Adicional 2ª do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en relación co artigo 29.2 do Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, así como ao organismo Augas de Galicia, co obxecto da emisión da autorización ou informe que corresponda emitir e de ser o caso.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.”

Consta no expediente informe técnico complementario asinado pola Xefa de Desenvolvemento Urbanístico en 01/03/2022 emitido a solicitude da Secretaria de Administración Municipal en data 9.12.2021 e posterior de data 14.12.2021.

Corresponde ao Concello de Vigo (artigo 3.1 dos Estatutos da Xerencia Municipal) a adopción do acordo sendo o órgano competente a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ao Estudo de Detalle formulado polo Consorcio Zona Franca de Vigo, co obxecto do reaxuste de aliñacións das parcelas sitas nos números 34 a 42 da Avenida Alcalde Portanet, inserido no Rexistro electrónico desta XMU con datas do 10.09.2021 e 15.09.2021 co COD. SOL. WEB: W599136-3452 e Núm. Documento 210185476, instrumento urbanístico redactado polo estudo de arquitectura “VAILLO IRIGARAY Y ASOCIADOS S.L.P” con data do 09.09.2021 e asinado con firma dixital válida polo arquitecto técnico D. Antonio Vaillo Daniel.

SEGUNDO.- Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios, por conta dos promotores, que se publicarán no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica do Concello de Vigo, con notificación individualizada aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 45 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo xunto co instrumento urbanístico inicialmente aprobado, debidamente dilixenciado, á Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea, da Dirección General de Aviación Civil, toda vez que o presente Estudo de Detalle atópase abranguido no eido das servidumes aeronáuticas establecidas no Plan Director do Aeroporto de Vigo, para que procedan a emitir, de ser necesario, o informe previsto na Disposición Adicional 2ª do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en relación co artigo 29.2 do Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, así como ao organismo Augas de Galicia, co obxecto da emisión da autorización ou informe que corresponda emitir e de ser o caso.(..).”

II.- En cumprimento do acordado, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública, aberto por un prazo dun (1) mes mediante a publicación dos anuncios correspondentes, isto é, nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 18 de marzo de 2022), no Diario Oficial de Galicia (núm. 72, do 13 de abril de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como publicación de edicto no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado (núm. 107, de data 5 de maio de 2022); e así se fai constar na certificación do secretario desta XMU, de data 16 de xuño de 2022, segundo o indicado na dilixencia asinada dixitalmente en data do 10 de xuño de 2022 pola Xefa da oficina do Rexistro da XMU, na que se fai constar que durante o devandito prazo, presentáronse os seguintes escritos de alegacións;

Data rexistro entrada	Cod.Sol.	Doc.	Interesado
05/18/2022		220108781	Beatriz Barrero Rodellar (rpte Teresa Rodellar López)

III.- Trala achega de diversa documentación técnica integrante do presente Estudo de detalle, - en datas 17.06.2022, 14.09.2022, 16.09.2022- en cumprimento de senllos requirimentos efectuados por esta administración, con data do 15.11.2022 tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, un escrito do Consorcio Zona Franca, baixo o Cod. Sol. : W793886-9175, ao que xunta documentación técnica refundida integrante do presente Estudo de Detalle, aos efectos de proceder a súa aprobación definitiva.

IV.- Tralo estudo da antedita documentación, emitíronse os seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable, á actuación proposta, isto é:

- Informe do 28.09.2022, asinado pola arquitecta do servizo de planeamento e xestión, verbo da adecuación ás NNTTPP do Estudo de detalle,

- Informe do 24.11.2022, asinado pola arquitecta xefa da Área de Desenvolvemento urbanístico, de carácter favorable, do seguinte teor literal:

“(..) **INFORME TÉCNICO**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 46 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, en diante PXOU, nomeado "Expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA (Leí 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e cuxa aprobación definitiva foi publicada no DOG nº 87 o 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 133, o 14 de xullo de 1993.

O vixente PXOU clasifica o ámbito obxecto do estudo como Solo Urbano, en parte con **Ordenanza 1.1.B. de Edificación pechada, Área Central**, con patio de cuarteirón e coa utilización opcional de patios de parcela para un uso de vivenda colectiva, para rematar a fronte edificada da Avda. Alcalde Portanet e a **Ordenanza 3.1.C. de Zonas Verdes e Libres de Protección de Costas e Leitos**, para dar continuidade ao Paseo lineal do río Lagares na súa marxe esquerda, hoxe en día interrompido por propiedades privadas. O Plan tamén prevé, baixo a futura edificación, unha servidume de paso pública de 15,00m. de ancho dende Avda. Alcalde Portanet, para dotar de maior accesibilidade á zona verde posterior. As liñas e rasantes das parcelas foron definidas nas actas que constan nos expedentes 16817/411 e 16818/411.

Na Ordenanza 1.1.B. establecece:

En determinados casos, debidamente xustificados, por razón dunha mellor adaptación ó ambiente o para a obtención de dotacións; nos que se poidan presentar solucións de axuste con edificacións lindantes que superen notablemente a altura fixada no planeamento e xeren problemas estéticos que poidan resolverse deste modo, poderase, de oficio o a instancia dos interesados presentar un estudio con propostas alternativas que reaxusten as alturas, rasantes e aliñacións previstas no planeamento, con especificación de: Situación actual e arredores. Determinacións do planeamento. Aproveitamento derivado do planeamento é das propostas presentadas. Cesións e materialización do exceso do aproveitamento no seu caso.

Será necesaria a realización dun estudio de detalle sempre que os terreos sobre os que se actúe sexan superiores a 500 m2 ou o aproveitamento proposto supere nun 30 % ó derivado do planeamento.

En data de 29 de agosto de 2021 o pleno do concello aprobou de xeito inicial o documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en diante RPXOM, este documento clasifica o ámbito na súa maior parte, como Solo Urbano Consolidado, **Ordenanza U3 de Edificación lineal densa. Variante A, U3.A** e o resto como **Sistema xeral de Espazos Libres PAS 30**, Paseo-Parque lineal do Lagares 2 Treito Avda. de Castrelos-Balaídos, Ampliación, **SX-EL-PAS-030**, superficies adscritas a outros ámbitos de solo urbano no consolidado.

A superficie obxecto do estudo atópase en zona de fluxo preferente do río Lagares, en zona urbana, polo que deberá a terse o disposto no artigo 9 ter, do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, en diante RDPH, RD 849/1986, tamén está afectado pola zona dos 5m. de protección do río.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 47 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O ámbito atópase afectado polas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo.

II OBXECTO E INTERESE PÚBLICO DA INTERVENCIÓN

No edificio existente do nº 38-40, o corpo traseiro de III plantas aínda que cumpre a aliñación posterior do PXOU invade a zona de servidume do río, a resolución deste conflito entre o RDPH e as actas de liña e rasante, coa liberación do uso público da servidume do río e a ampliación do parque lineal do Lagares xa xustifica por se mesma o interese público da proposta, sen minusvalorar a oportunidade do establecemento dos espazos necesarios para a actividade do Cluster da Automoción de Galicia en materia de emprendemento e transformación dixital baixo o título de "World Car Center", en diante WCC.

III INICIATIVA DE PLANEAMENTO

Segundo o artigo 8.1 do texto refundido da Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana, en diante TRLSRU, a iniciativa para propor actuacións urbanísticas tamén recae nos propietarios, o artigo 66.2 da Ley do Solo de Galicia, en diante LSG, e 159 do Regulamento da Ley do solo de Galicia, en diante RLSG, matiza que para os planes de iniciativa particular se ten que acreditar a aceptación polos propietarios que representen máis do 50% da superficie do ámbito, neste caso o CZFV e propietario de máis do 73% da superficie catastral (sen contar co porcentaxe do proindiviso da parcela edificada).

IV COVENIENCIA DA REDACCIÓN DUN ESTUDO DE DETALLE. DOCUMENTACIÓN. NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO DE GALICIA

O artigo 79 da LSG e 192 do RLSG establecen que en desenvolvemento dos Plans Xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

- Completar o reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- Ordenar os volumes edificables.
- Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias de planeamento.

Segundo a Memoria presentada:

El presente estudio de detalle tiene por objeto reajustar y completar diversas especificaciones que el Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993 (PXOU 93) establece para las citadas parcelas. El objetivo consiste en establecer las condiciones adecuadas para que el proyecto del WCC se integre de la mejor manera posible con el ambiente y entorno urbano circundante. Se pretende armonizar y regularizar estéticamente la imagen de todo el conjunto de edificios que forman parte de la actuación y de su entorno, así como mejorar la relación de estas parcelas con el margen del río Lagares. Dichas especificaciones que se reajustan y completan atañen a los siguientes puntos:

-ALTURAS MÁXIMAS: se reajustan las alturas máximas de la edificación reflejadas en el planeamiento vigente, con el fin de mejorar la adaptación de las nuevas edificaciones al ambiente. En ningún caso esto supone un aumento de la ocupación ni de la edificabilidad actualmente permitida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 48 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-CORNISAS: se reajustan y regulan igualmente las alturas de las cornisas y frentes de los áticos, de modo que los alzados del conjunto se homogenizan. Las medianeras y otros elementos discordantes quedan ocultos. La terminación de la fachada en los frentes de áticos que se establece no conlleva un aumento de la ocupación ni de la edificabilidad actualmente permitida.

-VUELOS: se completan las especificaciones que el PXOU 93 establece para los vuelos de la edificación

-ALINEACIONES: se reajustan las alineaciones máximas de las tres parcelas, debido esencialmente a que la servidumbre de 5m que general el río Lagares..... Además, establece una geometría que armoniza mucho mejor con la geometría de los bloques adyacentes que conforman la Avenida Alcalde Portanet. La nueva geometría aumenta la separación de la edificación con el cauce del río Lagares para permitir la realización de un paseo o zona verde pública.

Polo tanto o obxecto do presente Estudo de Detalle é acorde coas determinacións previstas na lexislación urbanística, para este tipo de instrumentos, desenvolve o PXOU completando e reaxustando as aliñacións e ordenando os volumes edificables.

O Estudo de detalle achegado contén a documentación sinalada no artigo 193 do RLSG, memoria, planos de información e planos de ordenación, está organizada, de conformidade co especificado nas Normas Técnicas de Planeamiento de Galicia, en diante NNTTPP, en dúas carpetas raíz denominadas 36057_ED_202210_AD_01PDF en formato dixital non editable (.pdf) e 36057_ED_202210_AD_02EDIT en formato editable, consonte o mesmo artigo, estas dúas carpetas comprimidas achegan os seus arquivos hexhash (pegada dixital), polas que foi comprobada a súa coincidencia, mediante o programa Autofirma. Foron liquidadas o resto das incidencias sinaladas no informe da arquitecta municipal de planeamento de data 28/09/2022, relativo á adecuación ás NNTTPP, concluíndo, que no xeral, o documento adecuase a éstas.

V CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN E CONFORMIDADE URBANÍSTICA

Proponse unha volumetría nova, evitando un alzado urbano da Avda. Alcalde Portanet completamente irregular en alturas e volumes, axustándose as edificacións existentes por razóns dunha mellora adaptación ao ambiente. A calidade técnica da ordenación destaca pola integración da proposta no entorno construído, o seu diálogo cos edificios existentes, a integración co entorno do río e o desbloqueo e a ampliación do paseo do parque lineal do Lagares nese tramo da marxe esquerda do río.

Tamén na acta do xurado do concurso de proxectos, que o CZFV convocou ao efecto, valorou a calidade arquitectónica da intervención, a comunicación e relación dos espazos, pola sustentabilidade ambiental e a eficiencia enerxética, e adxudicou o 30/05/2019 a Vaíllo-Irigaray y Asociados S.L.P o expte CCP/18/0001 "Concurso de proxectos con intervención de xurado para la construcción de dos edificios e intervención en otro existente, destinados a albergar el World car Center (WCC) en Avda. Alcalde Portanet e rúa Val Miñor en Vigo"

Os parámetros urbanísticos do Estudo de Detalle son



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 49 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	PARCELAS	PGOU 93	ED
OCUPACION	AP 42	330,13	329,69
	AP 38-40	1059,25	926,7
	AP 36-34	1326,49	1267,91
	TOTAL	2715,87	2524,3
ALTURAS	AP 42	VII 21,00M	VI 32,20M
	AP 38-40	EXIST. 32,20M	EXIST. 32,20M
	AP 36-34	VII 21,00M	VI 33,20M
EDIFICABILIDADE	AP 42	2307,83	2030
	AP 38-40	EXIST.	REDUCE I PLANTA
	AP 36-34	8875,37	7272,6

Como pódese comprobar no cadro comparativo o Estudo de Detalle non comporta maiores ocupacións, nin edificabilidades, nin diminución dos espazos libres previstos, contén a reserva da cesión de uso público do gálibo (de 15,00m de longo polo fondo do edificio e unha planta de altura) que comunica a Avda. Alcalde Portanet nº 36-34 coa zona verde posterior e o desbloqueo da servidume de 5,00m do río que permite o tránsito peonil.

En canto o cumprimento da Lei 10/2014, de accesibilidade, na memoria xustificase xenericamente a adecuación a lei, tendo en conta que o único espazo de uso público en superficie que xerese e cederase é a superficie de uso público do gálibo, dita superficie forma parte do futuro edificio que se execute e será no proxecto que serva para a obtención da licenza onde xustifíquese polo miúdo o seu cumprimento.

VI COMPATIBILIDADE DA ORDENACIÓN COA REVISIÓN DO PXOM EN TRAMITACIÓN

En data de 29 de agosto de 2021 o pleno do concello aprobou de xeito inicial o documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en diante RPXOM, este documento clasifica o ámbito na súa maior parte, como Solo Urbano Consolidado, **Ordenanza U3 de Edificación lineal densa. Variante A, U3.A** e o resto como **Sistema xeral de Espazos Libres PAS 30**, Paseo-Parque lineal do Lagares 2 Treito Avda. de Castrelos-Balaídos, Ampliación, **SX-EL-PAS-030**, superficies adscritas a outros ámbitos de solo urbano no consolidado.

A RPXOM contén o mesmo erro da incompatibilidade da aliñación posterior e a servidume do río. No resto de parámetro urbanísticos: parcela mínima, fronte mínima (so a efectos de parcelamento), fondo edificable, alturas, semisótanos, entreplantas, voos, resultan compatibles coa ordenación proposta. A RPXOM tamén prevé a posibilidade de redactar un estudo de detalle co obxecto da integración coa contorna, permitíndose incrementar a altura en metros da nova edificación, respectando o número de plantas, como é o caso. En canto os usos, na RPXOM o uso característico é o residencial, permitindo usos terciarios, educativos tamén compatibles coa proposta.

VII NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 50 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A ordenación contida no Estudo de Detalle da cumprimento ao sinalado no artigo 216 do RLSG, as normas de aplicación directa que vinculan:

.- aos instrumentos de planeamento, ao uso do solo, e en especial a súa urbanización e edificación adaptaranse as características naturais e culturais do entorno, así como respectaran os seus valores e

.-as construcións e instalacións deberan adaptarse ao ambiente no que estiveran situadas.

VIII ALEGACIÓNS

Durante o período de información pública do expediente núm 18423/411, do “Estudo de Detalle para o WCC” aberto polo prazo de un mes, mediante a publicación do anuncio nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 18 de marzo de 2022), no Diario Oficial de Galicia (nº 72 do 13 de abril de 2022) e na sede electrónica municipal, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

1- Teresa Rodellar López, en representación de Beatriz Barrero Rodellar. DOC-220108781

Solicítase: Como o Estudo de Detalle actúa nun edificio con división horizontal, deberáse incluír os acordos e autorizacións da Xunta de Propietarios segundo as maiorías necesarias conforme a Ley de Propiedad Horizontal.

O promotor da actuación en resposta á alegación fai entrega das actas da reunión, celebrada de xeito conxunto o 27/06/2022, onde constan os acordos e autorizacións das dúas comunidades de propietarios, Portanet 38 e Portanet 40, para as actuacións propostas polo CZFV no Estudo de Detalle, polo que a alegación tense por estimada e xustificada.

IX INFORMES SECTORIAIS

Trala aprobación inicial e durante o mesmo tempo no que realizouse o trámite de información pública solicitáronse os informes sectoriais preceptivos:

1) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Secretaría General de Transportes y Movilidad, Dirección General de Aviación Civil, Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea, número saída 3330-2022 con data 16/03/2022

Informe emitido con data 27/05/2022 doc nº 220117970 que “informa favorablemente el “Estudio de Detalle Alcalde Portanet (Av) nº 34-36 / 38-40 / 42, Vigo (World Car Center)”, en el término municipal de Vigo (Pontevedra), en lo que a servidumbres aeronáuticas se refiere, siempre y cuando las construcciones propuestas u objetos fijos (postes, antenas, carteles, etc.) no vulneren las servidumbres aeronáuticas”.

O estudo de detalle recolle, no apartado 1.3 da memoria xeral “Procedencia do estudo de detalle e marco normativo” o respecto as servidumes aeronáuticas establecidas por AESA e as servidumes aeronauticas propias do Aeroporto de Vigo, tamén no plano informativo 2.1.6. se sinalan ditas servidumes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 51 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2) Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, Secretaria de estado de Medio Ambiente, Dirección General de la Costa y del Mar, Subdirección General del Dominio Público Marítimo-Terrestre, número saída 8084-2022 con data 09/06/2022

Informe emitido con data 17/06/2022 doc nº 220132771 que conclúe “que el ámbito del Estudio de Detalle se localiza fuera del dominio público marítimo-terrestre, las servidumbres de tránsito y protección y de la zona de influencia, no encontrándose por tanto afectado por las determinaciones de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas.”

3) Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, número saída 3336-2022 con data 16/03/2022

No consta a emisión do informe solicitado, os informes sectoriais autonómicos deberan emitirse no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderase emitidos en sentido favorable, segundo o artigo 75.1.c da LSG e 186.1.b. do RLSG.

Consta no expediente administrativo o envío con código de intercambio 000011520_22_00000163, que corresponde co oficio 3336-2022-0, figura no SIR con estado "EC Enviado Confirmado" dende o 16/03/2022.

No obstante o anterior, o CZFV realizou previamente unha consulta á Augas de Galicia coa Clave: DPH.0121.03 Expediente: Edificio para World Car Center na Avenida do Alcalde Portanet nº34-36-38-40 e 42. Vigo, cuxa resposta de data 21/01/2022, consta no expediente e tivose en conta para a redacción da presente ordenación.

X TRAMITACIÓN

Segundo o artigo 194.2 do RLSG: “A vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes”(artigo 80.2 da LSG).

Do resultado das alegacións e dos informes sectoriais non se teñen introducido no documento modificacións substanciais do documento inicialmente aprobado, polo que procede a Aprobación Definitiva do Estudo de Detalle.”

V.- INFORMES SECTORIAIS

Durante o amentado trámite de información pública, solicitáronse e recadáronse, de conformidade coas características do ámbito, en en cumprimento da lexislación urbanística Galega, -Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e a súas modificacións/e ou sectorial de aplicación, os seguintes informes sectoriais:

- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana, Informe recibido o 27.05.2022, (doc. Núm. 220117970) de carácter favorable, no que ás servidumes aeronáuticas se refiere.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 52 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Ministerio para a transición ecolóxica e reto demográfico, Informe recibido o 17.06.2022 (doc. Núm. 220132771) de carácter favorable, ao concluír que *"el ámbito del Estudio de Detalle se localiza fuera del dominio público marítimo-terrestre, las servidumbres de tránsito y protección y de la zona de influencia, no encontrándose por tanto afectado por las determinaciones de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas."*

- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, non consta a emisión do informe solicitado, Consonte co disposto no artigo 75.1 c) da LSG e 186.1.b) do seu Regulamento, os informes sectoriais autonómicos deberan emitirse no prazo máximo de (3) tres meses, transcorrido o cal entenderase emitidos en sentido favorable. Pola súa banda, o artigo 82 da LPAC dispón que, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes e conforme o apartado catro de dito artigo sinala << Se o informe debe ser emitido por unha Administración pública distinta da que tramita o procedemento co obxecto de expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorre o prazo sen que aquel se emitise, poderanse proseguir as actuacións.

O informe emitido fóra de prazo poderá non ser tido en conta ao adoptar a correspondente resolución>>

A ditos efectos, e a maior abastamento, compre traer a colación, entre outras- a STS de data 4 de xullo de 2014 recurso 915/2012 ao determinar que << *En cuanto a la virtualidad de un informe que es remitido fuera de plazo -cuestión que se suscita en el motivo de casación cuarto-, tiene razón el Ayuntamiento recurrente cuando señala que la no remisión del informe dentro del plazo señalado permite que prosiga la tramitación del procedimiento, como establece el artículo 83.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Pública y del Procedimiento Administrativo Común. Y, en efecto, en nuestra sentencia de 24 de noviembre de 2011 (casación 4883/2008) declarábase, aplicando ese precepto, que " (...) no habiendo sido emitido el informe, la Administración municipal podía proseguir la tramitación del expediente, sin que la ausencia del mencionado informe pueda ser considerada causa de nulidad del Plan General aprobado ". Es decir, la falta del informe, habiendo sido éste oportunamente solicitado, no determina la nulidad del instrumento de planeamiento. >>*

Polo anterior, transcorrido o prazo legalmente establecido sen terse emitido os informe sectorial solicitado, poderase proseguir o procedemento de aprobación do presente instrumento de planeamento.

No obstante o anterior, e tal e como fai constar a arquitecta xefa da área de desenvolvemento no seu informe técnico o CZFV realizou previamente unha consulta á Augas de Galicia coa Clave: DPH.0121.03 Expediente: Edificio para World Car Center na Avenida do Alcalde Portanet nº34-36-38-40 e 42. Vigo, cuxa resposta conferida con data do 21.01.2022 consta incorporada ao expediente de razón.

VI.- Alegacións achegadas no período de información pública

Tal e como se ten indicado nos antecedentes de feitos, e así o certifica o secretario desta XMU, durante o preceptivo período de información pública aberto polo prazo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 53 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dun (1) mes, presentouse un único escrito de alegación, polo que, se interesa que dado que, o presente Estudo de detalle afecta a un edificio en réxime de propiedade horizontal, se proceda á incorporación dos acordos y/ ou autorizacións da Xunta de propietarios, que acredite as maiorías necesarias, de conformidade coa Lei de propiedade horizontal; En contestación á mesma con data do 16.09.2022 -doc. Núm.220223295, a entidade promotora da presente actuación, insire no rexistro electrónico desta XMU, documentación suficiente que da resposta ao alegado, e se incorpora ao presente expediente, consistente en: acordos e autorizacións das dúas comunidades de propietarios afectados, e as actas que recollen os ditos acordos (Portanet nº 38, e núm. 40).

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Rdex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU),
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG),
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e a súas modificacións
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia,
- PXOU93, Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, (PEEC) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data 25 de Outubro de 1990,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.-Previsións do Planeamento de aplicación ; Ámbito, obxecto e alcance do Estudo de Detalle

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, PXOU-93 nomeado “ Expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e cuxa aprobación definitiva foi publicada no DOG núm. 87 o 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no BOP núm 133, do 14 de xullo de 1993.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 54 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Estudo de Detalle que nos ocupa ten por obxecto reaxustar as aliñacións das parcelas sitas nos núm. 34 ao 42 da Avenida Alcalde Portanet, clasificado no vixente PXOU de 1993, como solo urbano consolidado, con ordenanza de aplicación 1.1.B de edificación pechada que corresponde a edificación en cuarteiróns pechados, sendo o seu uso específico o de vivenda colectiva e todo o conxunto de usos de centralidade cidadá.

Dita Ordenanza de aplicación, distingue diferentes grados, sendo o grado B o que se corresponde coa nomeada “Área Central”, establecendo que,

“(..)En determinados casos, debidamente xustificadas, por razón dunha mellor adaptación ó ambiente o para a obtención de dotacións; nos que se poidan presentar solucións de axuste con edificacións lindantes que superen notablemente a altura fixada no planeamento e xeren problemas estéticos que poidan resolverse deste modo, poderase, de oficio o a instancia dos interesados presentar un estudio con propostas alternativas que reaxusten as alturas, rasantes e aliñacións previstas no planeamento, con especificación de:

- Situación actual e arredores.
- Determinacións do planeamento
- Aproveitamento derivado do planeamento é das propostas presentadas.
- Cesións e materialización do exceso do aproveitamento no seu caso.

Será necesaria a realización dun estudio de detalle sempre que os terreos sobre os que se actúe sexan superiores a 500 m2 ou o aproveitamento proposto supere nun 30 % ó derivado do planeamento.(..)”

O pautado na dita ordenanza lle serve de fundamentación ao presente Estudo de Detalle.

O reaxuste de aliñacións proposto, está previsto na propia ordenanza que o permite por razón estéticas e de adaptación ao ambiente, que é o obxectivo do presente; Asemade, compre indicar que dito reaxuste resulta necesario para non invadir a zona de protección de augas e cauces do río lagares, permitindo como mínimo un ancho de cinco metros dende o cauce, mellorando deste xeito a situación do curso fluvial.

Pola súa banda, pretende concretar as condicións estéticas e de composición das fachadas dun conxunto edificatorio sito ao remate da dita Avda. Alcalde Portanet e ao carón do río lagares, creando así unha imaxe urbana acada, cuxo resultado serán unhas fachadas homoxéneas que integren ao mesmo tempo o edificio de vivendas sito entre as dúas parcelas baleiras de edificación; Asemade non se produce unha redución do espazo destinado nin a viario nin a zonas verdes, a aliñación dos viais existentes, isto é a Avda Alcalde Portanet e a Rúa do Val Miñor, non se ven afectadas, acadando o ámbito unha superficie total de 3.865 m2, de conformidade coa ficha catastral, e coa seguinte superficie ocupada, segundo o indicado no cadro resume da súa memoria xustificativa:

Avenida	SUPERFICIE OCUPADA	
	LIÑA PXOU1993	LIÑA REAXUSTADA
Alcalde Portanet		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 55 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nº42	330,13 m2	329,69 m2
Nº38-40	1.059,25 m2	926,70 m2
Nº34-36	1.326,49 m2	1.267,91 m2

O ámbito e obxecto do presente instrumento, se reflicten polo miúdo na Memoria xustificativa presentada, así como no informe suscrito con data do 24.11.2022 pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, no que asemade, fai constar expresamente, a compatibilidade da ordenación prevista no Estudo de detalle coa Revisión do PXOU/1993, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 26.08.2021.

Pola súa banda, e no que atinxe á subsanación do requirido, verbo da emenda da documentación a presentar, -que reviste dun carácter meramente xurídico-, e logo do seu axuizamento pola técnica que subscribe, válldase a mesma a través da presente proposta, e conclúese que o expediente esta completo, e propónse a súa aprobación definitiva de conformidade coa normativa de pertinente aplicación.

A teor do exposto, o presente Estudo de Detalle cumpre co establecido no artigo 79 da LSG, así como nos artigos 192 e 193 do RLSG.

III.- Os Estudos de Detalle na LSG e no RLSG

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG),- artigos 79 e 80,- e en similares termos o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos seus artigos 192 e seguintes-, regulan, entre os instrumentos de planeamento urbanístico, os estudos de detalle, que se poden redactar, en desenvolvemento dos plans xerais, parciais e especiais, coa finalidade, exclusivamente, de completar ou **reaxustar as aliñacións** e as rasantes, ordenar os volumes edificables, así coma concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento, mantendo as súas determinacións.

Estes instrumentos de planeamento en ningún caso poderán alterar o destino urbanístico do solo, incrementar o aproveitamento urbanístico, reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen, aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso, parcelar o solo, descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles imponha o correspondente plan nin establecer novos usos e ordenanzas.

En definitiva, os Estudos de Detalle veñen limitados, pola imposibilidade de modificar as determinacións fundamentais do Plan xeral, incluídas a altura e o número de plantas construíbles, a redución de espazos destinados a viais, a redución do volume e altura edificables, a modificación dos coeficientes de edificabilidade e distancias ás extremas nin tampouco alterar o aproveitamento establecido polo Plan xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 56 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV.- Documentación do Estudo de Detalle

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, adica os artigos 192, 193 e 194 a regular os Estudos de Detalle.

De forma taxativa o artigo 192, establece os documentos que deberán conter os Estudos de Detalle, do seguinte xeito:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das exixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.
- Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.
- Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.
- Planos a escala adecuada e, como mínimo, 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e á súa relación coa anterior e análise gráfica dos volumes ordenados, se é o caso, comprensivo do seu ámbito e do seu contorno.

Revisada a documentación achegada, e tal e como indica o informe técnico incorporado ao expediente de 24.11.2022, a mesma cumpre cos requisitos documentais relacionados no parágrafo anterior e conta cunha copia do seu contido, en soporte dixital e editable, incorporada ao procedemento. Asemade, observa as limitacións anteriormente referidas, que pautan o alcance dos estudos de detalle; Pola súa banda, consta informe técnico da arquitecta adscrita ao servizo de planeamento e xestión, emitido con data do 28.09.2022, no que atinxe ao cumprimento das NNNTTPP.

V.- Formulación e aprobación dos Estudos de Detalle

Os estudos de detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no eido urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo (art. 80.1 LSG e 194.1 RLSG); Neste suposto os particulares que o formulan, isto é o Consorcio Zona Franca esta lexitimado para a súa formulación, ao representan mais do 50 % da propiedade do eido, tal e como se manifesta na Memoria xustificativa e documentación xustificativa xuntada á mesma, asinada polo equipo redactor con datas do 09.09.2021 e 15.09.2021 e de cuxa veracidade responden.

Finalmente, e dando cumprimento ao acordo de aprobación inicial, o presente expediente, foi sometido ao correspondente trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes (art. 80.2 da LSG e 194.2 RLSG), procedendo á notificación individualizada a todos os titulares catastrais dos terreos afectados e a solicitude dos informes sectoriais que resulten preceptivos, do xeito e co resultado que se indicou nas alíneas precedentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 57 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VI.- Órgano competente

O art. 123.1.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, na redacción conferida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local atribúe ao Pleno a aprobación que poña fin a tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

Atendendo ao exposto, e de conformidade co informe técnico emitido pola arquitecta municipal xefa da Área de desenvolvemento urbanístico o 24.11.2022 , que se incorpora e lle serve de motivación a presente proposta, consonte ao establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno se o estima procedente e previo sometemento do asunto ao preceptivo ditame do Consello da XMU, a adopción do seguinte, ACORDO...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Con data 29 de novembro o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente a proposta e propón ao Pleno a adopción do acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e atro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva ao presente Estudo de Detalle, formulado pola entidade Consorcio Zona Franca de Vigo, co obxecto do reaxuste de aliñacións das parcelas sitas nos números 34 -36, 38-40 e 42 da Avenida Alcalde Portanet, documentación técnica refundida inserida no Rexistro electrónico desta XMU con data do 15.11.2022 co COD. SOL. WEB: W793886-9175 e núm. documento 220283694, instrumento urbanístico redactado polo estudo de arquitectura “VAILLO + IRIGARAY ARCHITECTS” con data outubro de 2022, e asinado con firma dixital válida por Antonio Vaillo Daniel (arquitecto do COAVN colexiado nº 1181 e Juan Luis Irigaray (arquitecto do COAVN colexiado núm. 841).

SEGUNDO.- Ordenar á realización dos trámites administrativos recollidos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do seu Regulamento de Desenvolvemento, aos efectos da eficacia do presente acto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 58 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aprobación definitiva e a súa entrada en vigor; mediante a publicación do presente acordo no DOG e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra,

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á entidade promotora, así como a todos os interesados no presente procedemento, mediante traslado literal da certificación de aprobación definitiva do presente acordo.

CUARTO.- O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo, nun enderezo electrónico, creado a tales efectos, así como no portal de transparencia.

QUINTO.- Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

SEXTO.- Perante o presente acordo, que ten o carácter de disposición administrativa de carácter xeral, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de (2) dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, (artigo 84.1 da LSG e 201.1 do seu Regulamento, consonte co disposto no artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes e sexan conformes a dereito.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente."

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

Incidencia. Auséntanse do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente e a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, ocupa a Presidencia o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

4.(237) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A ATENDER AS DEMANDAS DA INDUSTRIA DE AUTOMOCIÓN VIGUESA, ASIGNANDO FONDOS DO PERTE DO AUTOMÓBIL E INCLUIR NA PLANIFICACIÓN DE REDE ELÉCTRICA DE ESPAÑA PARA 2021-2026 A CONEXIÓN DE VIGO Á REDE DE MOI ALTA TENSIÓN. EXPTE. 3680/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 59 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2022, número 3680/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo é un referente no sector da automoción, con mais de 200 empresas e 24 mil empregos, e unha das maiores plantas de automoción de Europa, pero para seguir séndoo no futuro, o Goberno central debe de actuar de inmediato.

A deslocalización da produción da fábrica de Stellantis en Vigo é unha ameaza real se non se reacciona dunha vez e se concretan os fondos europeos para este proxecto estratéxico da industria da automoción viguesa.

De feito, mentres outros gobernos europeos están comprometendo investimentos - Francia, Italia, Marrocos...-, o Executivo de Pedro Sánchez segue sen aclarar os fondos Next Generation que necesita Vigo para garantir a continuidade da fábrica de Stellantis e de toda a industria auxiliar e que pasa pola asignación dos futuros modelos eléctricos para Balaídos.

Precisamos que o Goberno sexa consciente da gravidade da situación, na que están en xogo miles de empregos na nosa cidade, e que empece a dar solucións desde o punto de vista do investimento, desde o ámbito enerxético e desde a fiscalidade.

Unha inacción que aínda é máis grave tendo en conta o fracaso da primeira convocatoria do Perte.

Gravidade que se acrecenta coa negativa do Goberno a construír a subestación que garantiría unha subministración eléctrica de calidade en Balaídos e que o Pleno do Concello de Vigo lle instou en varias ocasións, a última en Marzo deste ano aprobando a Moción deste grupo municipal.

Tendo en conta todo o exposto, o grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Vigo propón a adopción da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

O Concello de Vigo insta ao Goberno de España a atender as demandas da industria de automoción viguesa, asignando fondos do PERTE do automóbil e incluír na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de Moi Alta Tensión.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e vinte e unha abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 60 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2022 (Rex. Nº 3680/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Incorporase á sesión a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

5.(238). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A ADOPCIÓN INMEDIATA DUN PLAN DE CHOQUE QUE MELLORE A CALIDADE ASISTENCIAL NA ÁREA SANITARIA DE VIGO, DOTÁNDOA DE MEDIOS ECONÓMICOS, MATERIAIS E HUMANOS. EXPTE. PLENO 3681/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2022, número 3681/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación na área sanitaria de Vigo segue sendo moi preocupante a pesar das reiteradas denuncias de usuarios e profesionais.

Todos os indicadores demostran que, por parte da Consellería de Sanidade, non se adoptan as medidas necesarias nin orzamentarias nin de dotacións de persoal para solucionar as deficiencias que día a día se producen.

O mellor da Sanidade son os profesionais, por iso e moi preocupante que se lles ignore por parte de goberno galego.

As denuncias de colexios médicos, organizacións sindicais e profesionais, son desatendidas e ignoradas. Son eles, no seu conxunto, os coñecedores da realidade e demostraron de forma reiterada a súa disposición ao dialogo para saír desta situación insostible.

Á falta de adopción de medidas, únese o incumprimento dalgún dos acordos logrados coas distintas representacións.

É dunha inmensa gravidade, a modo de exemplo, que o Colexio Oficial de Médicos da provincia de Pontevedra, denuncie o incumprimento do documento pactado en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 61 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

novembro de 2.019, "Por unha atención primaria vetebradora do Sistema de Saúde", cuxo incumprimento ten repercusións moi negativas para a área sanitaria de Vigo.

Este Colexio de Médicos, que engloba aos profesionais de Vigo, denuncia os incumprimentos da Consellería de Sanidade, a discrepancia entre os datos que achega a Consellería e a realidade diaria de profesionais e pacientes, as deficientes condicións na formación dos MIR e que máis de 400 deles emigran a outras CC.AA porque as condicións ofertadas en Galicia son moi deficientes.

É urxente adoptar medidas, de carácter orzamentario e de dotacións de medios humanos con boas condicións de traballo, pero que se cumpran.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

INSTAR, á Consellería de Sanidade á adopción inmediata dun Plan de Choque que mellore a calidade asistencial na área sanitaria de Vigo, dotando de medios económicos, materiais e humanos, ante a deficiente asistencia sanitaria que, no seu conxunto, vén prestando."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Atópase ausente no momento da votación a concelleira Sra. Rodriguez Calviño.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2022 (Rex. Nº 3681/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a concelleira 1ª tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

6.(239). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE ASUMA O FINANCIAMENTO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 62 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ÍNTEGRO DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO (ALBERGUE), NO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS QUE LLE SON PROPIAS. EXPTE. 3682/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2022, número 3682/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos da Enquisa de persoas sen fogar do INE do ano 2022, Galicia é a sexta comunidade autónoma coa maior ratio de Persoas Sen Fogar por cada 100.000 habitantes, concretamente 165,7. A media do conxunto estatal sitúase en 86,6 persas sen fogar por cada 100.000 habitantes.

Segundo o INE, Galicia pasou de ter 1.903 Persoas Sen Fogar no ano 2012 a 2.387 no ano 2022. Todo isto, no contexto do desenvolvemento do tan alardeado Plan de Atención a Persoas sen Fogar 2019-2023 anunciado por Feijoo. É dicir, aumentaron un 25,4% as Persoas Sen Fogar en Galicia durante os últimos 10 anos de goberno do Partido Popular.

Os datos non teñen deixado de empeorar en Galicia durante o goberno do Partido Popular, sobre todo por un problema estrutural de acceso a unha vivenda digna a un prezo asequible.

Ademais, en Galicia o fenómeno dramático do senfogarismo ten un claro sesgo de xénero: o senfogarismo afecta, especialmente, a mulleres vítimas de violencia de xénero. Nos derradeiros anos tense producido un aumento de mulleres en situación de senfogarismo, e se fai patente unha carencia de recursos específicos dirixidos a mulleres e ás súas necesidades.

Existe, ademais, unha elevada cronificación. A maior parte das persoas sen fogar (68%), estiveron nesta situación durante tres anos ou máis.

Trátase dun fenómeno con especial incidencia no ámbito urbano, maior concentración de persoas sen fogar na contorna urbana. De acordo cos resultados deste estudo, nas sete grandes cidades de Galicia hai máis de tres persoas sen fogar por cada 10.000 habitantes.

O 80% das persoas sen fogar se atopan en situación de desemprego, aínda que tamén existen persoas sen fogar que están ocupadas en empregos precarios.

Os problemas de saúde son patentes, unha incidencia notable de adiccións e problemas de saúde mental, o que se coñece como patoloxía dual. Ademais, a adhesión aos tratamentos é baixa.

Son moi preocupantes os perfís emerxentes ou novos perfís entre as persoas sen fogar. Trátase de persoas cunha vida anteriormente normalizada, entre as que destacan persoas maiores cunha pensión insuficiente ou necesidades de apoio doutros familiares, mulleres,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 63 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Estes perfís son en moitas ocasións a consecuencia dos duros recortes do PP en servizos e prestacións públicas e da precariedade do mercado laboral, que teñen provocado que a vulnerabilidade se estendese a novos sectores sociais.

O principal eixo de intervención coas Persoas Sen Fogar debe enfocarse cara ao acceso a unha vivenda, como unha ferramenta clave no proceso de recuperación das persoas: O Goberno de España así o entende e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aposta por unha solución de desinstitucionalización destas persoas.

En cambio, Galicia camiña en dirección contraria. Na dirección de non ofrecer alternativas públicas e de potenciar a privatización das solucións ás Persoas Sen Fogar. En Galicia existen un total de 73 centros de atención a persoas sen fogar, case todos eles de iniciativa privada, agás puntuais excepcións, como é o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo foi un Concello pioneiro en atención ás persoas sen fogar, poñendo en marcha no ano 2012 o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social. Un proxecto integral de atención ás persoas sen fogar que conta con Unidade de Hixiene, Lavandería, Centro de Día, Centro de atención social continuada, comedor social, Unidade de Rúa, Piso básico e Piso de Transición á Vida Autónoma, servizos todos eles encamiñados á procura da desinstitucionalización progresiva das Persoas Sen Fogar.

A xestión deste Centro é financiada ao 100% polo Concello de Vigo cun presuposto anual 1,2 millóns de euros, ademais do mantemento do edificio e as instalacións. Polo que o custo anual deste centro ascende a máis de 1,4 millóns de euros.

A Xunta de Galicia ven de publicar no DOG o pasado 11 de novembro de 2002 a resolución da concesión de subvencións para Albergues, comedores sociais e centros de atención a persoas sen fogar con cargo a Fondos Europeos React-EU e chama poderosamente a atención que só financia con fondos europeos centros privados.

Nin un só céntimo de euro para o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social de Vigo, ó único de titularidade municipal destas características que existe en Galicia e que atende a Persoas Sen Fogar de toda a comunidade autónoma.

Polo anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Excma. Corporación Municipal que adopte o seguinte:

ACORDO

-Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que asuma o financiamento íntegro do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo (Albergue), no exercicio das competencias que lle son propias.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 64 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2022 (Rex. Nº 3682/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

7.(240). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 22.11 AO 19.12.22. EXPTE. 1336/1102 (EXPTE. PLENO 3673/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 22.11.22 ao 19.12.22) incluídas no expediente 1336/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

8.(241). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 22.11 AO 19.12.22. EXPTE. 1337/1102 (EXPTE. PLENO 3674/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 22.11.22 ao 19.12.22) incluídas no expediente 1337/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

9.(242). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 22.11.22, DE DELEGACIÓN NA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO, A DIRECCIÓN TÉCNICA E POLÍTICA, XESTIÓN, SEGUIMENTO, TRAMITACIÓN E EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICO-CULTURALS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 65 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DO NOVENO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS. EXPTE. 11018/307 (EXPTE. PLENO 3657/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 22.11.22, que di o que segue,

“Por Resolución desta Alcaldía de data 26 de xuño de 2019 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras á Area de Patrimonio Histórico atribuíndose ao seu titular a dirección/ xestión, organización/ planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidentencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico Dña. M^a del Carmen Silva Rego tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do NOVENO programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2023 (aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do día 18 de novembro do 2022), a través do servizo de Patrimonio Histórico:

- 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE URBANO.
- 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
- 30.000 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións. de conformidade co sinalado no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 66 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 22 de novembro de 2022.

MOCIÓNS.

10.(243) MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO EN FAVOR DO BENESTAR ANIMAL NA CIDADE. EXPTE. PLENO 3679/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2022, número 3679/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCION

EN FAVOR DO BENESTAR ANIMAL NA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade é moito máis que un espazo ou un territorio. Configúrase, sobre todo, como unha comunidade social que existe e desenvólvese nun marco ambiental e ecolóxico, que para alén das persoas está tamén habitado por animais. Neste sentido, amais da fauna silvestre que poboa sobre todo os ámbitos periurbanos e as colonias urbanas existentes, cómpre atender a crecente realidade dos animais domésticos con máis de 51 mil rexistrados oficialmente na cidade de Vigo.

O aumento da sensibilidade ambiental e da conciencia ecolóxica entre a veciñanza de Vigo ten tamén un claro expoñente na crecente demanda de medidas xa non só contra o maltrato animal se non no avance efectivo no recoñecemento de dereitos dos animais e a defensa do seu benestar.

Vigo ten dado pasos significativos pero insuficientes nesta materia, como foi a decisión municipal de prohibir no ano 2013 a realización de circos e eventos con animais en cautividade. Mais tamén se adoptaron decisións erradas, como a definición da praias da Foz e da Calzoa como únicos areais nos que se autoriza a presenza de cans, que provocou a concentración dun elevado número de animais cun impacto ambiental negativo e prexuízos para a veciñanza residente pola falla de supervisión das normas hixiénicas, de ruídos e de convivencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 67 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o BNG avanzarmos cara unha cidade máis sustentábel pasa tamén pola adopción de medidas concretas que coloquen Vigo na vangarda do benestar animal, despregando máis medios e recursos a esta finalidade así como actualizando o marco normativo municipal, co compromiso firme de nos configurar como unha cidade libre de maltrato animal.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

- 1 Declarar Vigo cidade contraria de todas as formas de maltrato animal, incluídas as touradas como expresión de tortura.
- 2 Instar ao Goberno municipal a:
 - 2.1 Elaboración, a través dun proceso participativo cos colectivos animalistas e de defensa ambiental, dunha nova Ordenanza Municipal de Protección e Benestar animal, que substitúa a actual de protección e tenencia.
 - 2.2 Poñer fin ao modelo exhibicionista de Vigo Zoo, implementando a estratexia Zoo XXI e reconfigurándoo de maneira efectiva como un centro de recuperación e estudo da fauna e como un espazo para a sensibilización social sobre a protección e benestar animal.
 - 2.3 Ampliación e reorganización do Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados da Madroa, adoptando as medidas precisas para atinxir o obxectivo de sacrificio cero.
 - 2.4 Posta en marcha de convenios de colaboración estabéis, con axudas municipais, con entidades non lucrativas de protección animal.
 - 2.5 Garantir a aplicación do método CES (Captura, Esterilización e Solta) para controlar o número de gatos na rúa. Así como o establecemento dun protocolo para censar as colonias existentes e procurar para a súa xestión a colaboración de asociacións protectoras radicadas no municipio, dotándoas dos medios necesarios e procedendo a sinalizar as zonas de colonias para evitar atropelos.
 - 2.6 Posta en marcha de medidas preventivas e disuasorias para a fauna silvestre, así como a implementación de pasos seguros que eviten a sinistralidade vial.
 - 2.7 Promover as medidas necesarias que permitan o acceso de animais domésticos ao servizo de autobús urbano, o albergue municipal e outras instalacións públicas.
 - 2.8 Avanzar na eliminación das restricións para o acceso de animais ao espazo público na cidade, a principiari pola revogación do acordo municipal que limita só ás praias da Foz esquerda e a Calzoa como areas autorizados para cans.
 - 2.9 Renovación dos parques caninos da praza García Picher e da Ponte Nova e creación de novos espazos urbanos para o esparcemento canino.
 - 2.10 Despregar un programa municipal de esterilización de animais domésticos, que inclúa a prestación gratuíta para persoas de baixos recursos.
 - 2.11 Realizar un maior esforzo na promoción da adopción de animais fronte ao modelo mercantilista.
 - 2.12 Estudar a posta en marcha dun servizo veterinario municipal, con tarifas reducidas e servizos gratuítos para persoas sen fogar e de baixos recursos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 68 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.13 Pular pola limitación estrita da práctica da caza en todo o termo municipal, cara a súa desaparición.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e vinte e dúas abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2022 (Rex. Nº 3679/1101), polo concelleiro membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

11.(244) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO A GARANTIR OS DEREITOS LABORAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA E O SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DOS PREGOS CONCESIONAIS. EXPTE. PLENO 3676/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2022, número 3676/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN INSTANDO A GARANTIR OS DEREITOS LABORAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA E O SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DOS PREGOS CONCESIONAIS

Dende hai tempo o Concello de Vigo vén de configurar a xestión dos seus servizos públicos coa formulación dunha convivencia de dous modelos: a asignación de servizos básicos mediante empresas públicas e xestión pública directa, por exemplo con Emavisa para a xestión da auga, ou directamente coa concesión administrativa, fórmula coa que, por exemplo, naceu directamente Vitrasa, para a xestión do transporte urbano colectivo de viaxeiros. Os dous modelos foron convivindo ata a vaga privatizadora dos anos 90 que exterminou directamente empresas públicas ou servizos xestionados directamente con persoal municipal.

Dende entón, a concesión administrativa vén de ser practicamente o único modelo de xestión dos servizos públicos esenciais, independentemente ademais das diferentes forzas políticas que ostentaron a alcaldía na cidade. Dende escolas infantís ata obra pública pasando por aparcadoiros, ben fose por decisión política ou por imposibilidade de afrontar con recursos propios a xestión directa, Vigo configúrase actualmente coma unha rara avis entre as grandes cidades do Estado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 69 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sen ningunha empresa ou ente público operando entre os numerosos servizos públicos e actuacións que diariamente se realizan.

Se ben é certo que as concesións administrativas existen como norma administrativa xa dende o Regulamento de Servicios de las Corporaciones Locales (RSCL) do ano 1955 e moitos concellos coma o de Vigo as empregaban con normalidade, foi o continuo adelgazamento da administración local, as sucesivas crises económicas e a doutrina neoliberal de “mellor privatizar que xestionar” os factores que fixeron cada vez máis complicado manter a xestión pública dos servizos municipais. A crise económica padecida a partir do ano 2008 e a lexislación restritiva como a lei Montoro do 2012 ou mesmo a reforma da Constitución no 2011 fixeron que a aposta pola xestión pública directa fose case imposible para os concellos que decidían esta fórmula. A propia UE arbitraba en xaneiro de 2014 unha directiva sobre contratos de concesión administrativa de obras e servizos que basicamente consideraba esta fórmula de contratación parte do desenvolvemento estrutural a longo prazo das infraestruturas e os servizos estratéxicos na Unión Europea e que, ademais, era un elemento nuclear para o “desenvolvemento da competencia no mercado interior, permitindo que se aproveiten as competencias do sector privado, o que contribúe a lograr eficiencia e a aportar innovación”. Discurso este que se probou en poucos anos carente de toda lóxica en canto a criterios de aforro, eficiencia e universalidade dos servizos públicos municipais.

A propia Ley de racionalización y sostenibilidad financiera de la administración local (LRSFAL), partindo desta directiva deu en considerar que as administracións locais tiñan total liberdade para decidir o mellor xeito de xestionar a execución de obras ou a prestación de servizos, puidendo optar por realizar as súas funcións de interese público con recurso propios ou en colaboración con outras autoridades, ou ben confialas a operadores económicos, esquecendo en moitas ocasións criterios rigorosos para avaliar se a fórmula de xestión indirecta era realmente a máis eficiente e sostible.

Despois chegaron os plans de axuste, os criterios de reposición de persoal público, que tan só conseguiron aumentar a vaga privatizadora sobre os servizos públicos municipais impoñendo aos concellos o artigo 85 cun criterio de deber de xestionar os servizos públicos de competencia local do xeito máis sostible e eficiente, e establecendo mecanismos onde a rebaixa de custos efectivos (especialmente salariais) era entendida como o sostible malia as reiteradas denuncias sindicais sobre a precarización que se cronificaba en todos aqueles equipos de traballo afectados. Vigo é hoxe, con varios conflitos laborais abertos, boa proba disto.

Hoxe Vigo configúrase como unha cidade onde os gobernos municipais sucesivos veñen de cultivar a concesión administrativa como opción case única, onde todos os servizos (auga, transporte, limpeza, instalacións e dotacións públicas) son xestionados mediante empresas pequenas, medianas e grandes, o que xera que o capítulo 2 de gastos en bens e servizos medre notablemente en cada exercicio orzamentario e o capítulo 1 de gastos de persoal non medre de xeito análogo ao desenvolvemento competencial e á diversificación de servizos dos que se vai dotando o Concello.

Dende Marea de Vigo queremos, con esta moción que tramos a pleno, pór o foco na cuestión central malia esta decisión política e subsidiariamente administrativa:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 70 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NADA DO QUE SE CONFIGURA COMO CONCESIÓN ADMINISTRATIVA EXIME DO CUMPRIMENTO DE PREGOS ADMINISTRATIVOS E DAS CONDICIÓNS DE SERVIZO, LABORAIS OU DE TODO TIPO QUE SE ESPECIFICAN NELES.

O noso grupo municipal, dende a chegada a este Pleno, foi rotundo, diante dos constantes conflitos laborais (XER, Limpeza de edificios municipais, recadación executiva, etc), diante das anulacións xudiciais de adxudicacións, coma do baile de adxudicatarias na anterior licitación de Parques e Xardíns: defendemos a necesidade (e mandato obrigatorio do Regulamento do Pleno) de constituír a Comisión de Seguimento da Contratación Pública, solicitamos reiteradamente que se tomase en serio a importancia de sancionar os incumprimentos dos pregos de condicións administrativas ou técnicas porque entendiamos que estes eran basicamente o documento contractual que regula toda a formulación do contrato e permitían o control eficaz da Administración local sobre o concesionario.

Se ben cando os servizos se vían afectados na súa prestación o goberno local actuaba ante a alarma social que se xeraba, o certo é que de xeito habitual se trasladaba á relación “empresa e persoal” as cuestións de índole laboral. Nas numerosas ocasións nas que solicitamos a intervención do Concello de Vigo para intervir nos conflitos laborais emanados da negociación colectiva, impago de salarios ou escaseza de recursos humanos nas concesionarias do Concello, esa era a resposta que este grupo municipal obtiña, cando a realidade é ben diferente.

Son evidentes as potestades administrativas para vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario que ten que facer o Concello, porque nada que comporte a xestión indirecta dun servizo a través dunha concesión administrativa diminúe, en maneira algunha, a responsabilidade da Administración polo seu axeitado funcionamento.

Para estas funcións, o propio TRLCSP mesmo fala de fórmulas xurídicas que van dende o rescate da concesión por parte da Administración (artigo 287) ata a asunción temporal da execución directa do servizo nos casos nos que non se prestase ou non se puidera prestar por parte do concesionario (artigo 285) pasando pola potestade de ordenar variacións do servizo que aconselle o interese público (artigo 282).

Nestes momentos en Vigo permanecen abertos numerosos conflitos colectivos en concesións administrativas, dende a tentativa de descolgue salarial planeada polo grupo Avanza para o persoal de Vitrasa, os graves incumprimentos de Servisar no relativo ao abono de incrementos salariais vencellados ao IPC ao persoal do Servizo de Atención no Fogar, os sucesivos desencontros en limpeza de escolas, edificios e dependencias municipais, incumprindo en numerosas ocasións (como vén de denunciar Marea de Vigo reiteradamente) os pregos das concesións.

Reducir estes conflitos á escala das relacións laborais de empresas privadas é non cumprir o papel fiscalizador da administración, papel que debería ser permanente e notoriamente público en cuestións tan centrais coma o cumprimento das obrigas con respecto á cualificación ou categorías laborais, dereitos laborais ou sociais do persoal así coma o cumprimento da calidade dos servizos, a súa adecuación ao ofertado na mesa de contratación. Así o indican os artigos 249 e 279 do TRLCSP onde recoñecen á Administración contratante, neste caso o Concello de Vigo, a potestade de vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 71 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

puidendo inspeccionar o servizo, as obras, instalacións e locais, así coma a documentación relacionada co obxecto da concesión, conservando ademais os poderes de policía precisos para garantir a boa marcha do servizo público que xestione o concesionario.

A empresa sempre actúa, baixo esa visión, como axente colaborador da Administración pública e non no exercicio da súa liberdade de empresa, ao igual que a Administración delega na mesma a facultade de execución do servizo, quedando sometida ao longo da vida do contrato á vixilancia e control da Administración, á que o ordenamento lle reconece un conxunto de potestades para dirixir e inspeccionar ao concesionario ou, no seu caso, modificar, resolver ou secuestrar o contrato subscrito co concesionario, sempre por razóns de interese público.

Mesmo existen figuras normativas de control: o propio RSCL, no seu artigo 131, prevé a designación dun Interventor técnico pouco antes de que finalice o prazo da concesión, para que vixíe a conservación das obras e do material e informe á Corporación Municipal ou provincial sobre as reparacións e reposicións precisas para mantelos nas condicións previstas. Tamén a Ley de Contratos del Sector Público (LCSP) regula a figura do responsable do contrato coa finalidade de reforzar o control do cumprimento do contrato e axilizar a solución das diversas incidencias que poida xurdir durante a súa execución.

Para garantir que as condicións e obrigas establecidas nos pregos e nos regulamentos dos servizos se cumpran, a lexislación sobre contratos establece un sistema de sancións. Así, o artigo 211 do TRLCSP dispón que os pregos ou o documento contractual poidan establecer penas para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se tivesen establecido nos mesmos. Estas penas deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do orzamento do contrato. O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares de penas atendendo ás especiais características do contrato, sempre que se considere preciso para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:
ACORDOS

1. O pleno do Concello de Vigo insta ao goberno local, en base á posibilidade de xestionar de xeito público directo todos e cada un dos servizos públicos actualmente desenvolvidos baixo a fórmula de concesión administrativa, a realizar estudos para a reversión dos mesmos á xestión pública no momento da finalización da súa vixencia administrativa optando de xeito preferencia sempre por esta última en todos os procesos de contratación.
2. O pleno do Concello de Vigo insta a dar cumprimento do artigo 131 nomeando un interventor técnico antes da finalización do prazo de cada concesión para a auditoría do mesmo e dos elementos materiais adscritos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 72 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. O pleno do Concello de Vigo insta ao goberno local á apertura de expedientes informativos en todas e cada una das concesións administrativas que actualmente teñen abertos conflitos colectivos en materia de cuestións de carácter laboral.
4. O pleno do Concello de Vigo insta ao goberno local a establecer en todos os contratos cláusulas sociais que penalicen os incumprimentos en materia de convenios colectivos, categorías ou que comporten accións de descolgue salarial ou de contidos dos convenios colectivos de referencia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 22.12.2022 (Rex. Nº 3676/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

12.(245). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Reiterar a solicitude, xa formulada en dúas ocasións polo BNG, no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que se inicie a tramitación necesaria para acordar a execución subsidiaria das actuacións ordenadas á Sareb nos inmóbeis da rúa Privada Moderna números 2, 3 e 7 e San Roque 107 diante do reiterado incumprimento das resolucións desta Xerencia por parte da Sareb como titular dos mesmos nunha práctica de claro acoso inmobiliario.

13.(246). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes. que se leve a cabo unha revisión de licenza outorgada para unha estación de servizo no ámbito de Esturáns, ao non ser coincidente a clasificación de solo entre o planeamento vixente e o do futuro PXOM.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 73 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

14.(247). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Que máis ten que pasar para que o Goberno municipal rectifique, tal e como lle demandamos o BNG desde hai máis dun mes, o nefasto plan de tráfico despregado por causa do nadal e as insuficientes previsións de seguridade que se están a traducir nun insoportábel e perigosísimo colapso circulatorio e xerando situacións que supoñen un risco evidente para a seguridade ás persoas?

15.(248). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. ¿ Se vaise cumprir o prazo de aprobación do PXOM nos prazos que mandata a aprobación primeira do instrumento da ordenación provisional?

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Decembro 22
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 28 de Diciembre de 2022 11:52:02
Fecha Fin : Miércoles, 28 de Diciembre de 2022 14:17:48
Duración : 02:25:46

- HTML

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/watch?id=NzA2MGIyNDYtMWY1Yy00OTkyLTK2NjktZmZhMmYyZWU1M2Yy>

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.9 GiB
Url - https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3265

[1] Video H264, 480p, Stereo, 991 MiB

SHA512 -
99d1f78783e23cecf29466679efd48285b7bd8124821547dd4f091723e2c88beca257bd
2c79219fe0b4460f9ac67c8118173a5434cbaea349c0ab77a0882660a

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Oradora invitada; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías

Sacaluga,

Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 74 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;

- 00:02:44 : 1. Actas anteriores
 00:03:36 - Caballero Álvarez, Abel
 00:03:47 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:49 : 2. Inadmisión da solicitude formulada polo Concello de O Porriño de Revisión de Oficio do Acordo Plenario do Concello de Vigo, de 27 de xaneiro de 1998. Expte. 1492/441 (Expte. Pleno 3655/1101)
 00:04:11 - Votación [9:19:45]
- 00:04:41 : 3. Aprobación definitiva do Estudio de Detalle para World Car Center.
 00:04:52 - Caride Estévez, María José
 00:10:16 - Caballero Álvarez, Abel
 00:10:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:12:21 - Caballero Álvarez, Abel
 00:12:25 - Pérez Correa, Rubén
 00:17:33 - Caballero Álvarez, Abel
 00:17:38 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:21:16 - Caballero Álvarez, Abel
 00:21:21 - Caride Estévez, María José
 00:24:30 - Caballero Álvarez, Abel
 00:24:38 - Votación [9:40:11]
- 00:24:59 : minuto de silencio
- 00:26:13 : 4. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a atender as demandas da industria de automoción
 viguesa, asignando fondos do PERTE do automóbil e incluír na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de Moi Alta Tensión. Expte. 3680/1101.
 00:26:37 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:31:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:31:43 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:33:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:33:53 - Pérez Correa, Rubén
 00:38:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:39:01 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 00:44:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:44:28 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:47:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:47:56 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:48:01 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:48:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:48:19 - Votación [10:03:52]
- 00:48:53 : 5. Moción do grupo municipal Socialista, instando á consellería de Sanidade a adopción inmediata dun Plan de Choque que mellore a calidade asistencial na área Sanitaria de Vigo, dotándoa de medioeconómicos, materiais e humanos. Expte. Pleno 3681/1101.
 00:49:11 - López Font, Carlos
 00:54:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:54:20 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:56:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:56:29 - Pérez Correa, Rubén
 01:01:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:04:43 - Egerique Mosquera, Teresa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 75 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:09:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:10:05 - López Font, Carlos
 01:13:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:13:19 - Votación [10:28:52]
- 01:13:52 : 6. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Goberno da Xuntade Galicia a que asuma o financiamento integro do Centro Integral deInclusión de Emerxencia Social do Concello de Vigo (Albergue), noexercicio das competencias que lle son propias. Expte. 3682/1101.
- 01:14:11 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:19:21 - Espinosa Mangana, Elena
 01:21:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:21:38 - Pérez Correa, Rubén
 01:26:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:26:52 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:31:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:32:01 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:32:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:34:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:35:37 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:35:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:35:56 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:36:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:36:48 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:36:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:37:33 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:40:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:40:51 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:40:58 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:41:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:41:09 - Votación [10:56:43]
- 01:41:31 : 7. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 22.11 ao 19.12.22.Expte. 1336/1102 (Expte. Pleno 3673/1101)
- 01:41:44 : 8. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as,dende o 22.11 ao 19.12.22. Expte. 1337/1102 (Expte. Pleno3674/1101)
- 01:41:56 : 9. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 22.11.22, de delegaciónna concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, a direccióntécnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dasactividades artístico-culturais do Noveno programa para arrombarmedianeiras. Expte. 11018/307 (Expte. Pleno 3657/1101).
- 01:42:21 : 10. Moción do concelleiro membro non adscrito en favor do benestaranimal na cidade. Expte. Pleno 3679/1101.
- 01:42:28 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:44:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:44:44 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:49:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:49:32 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:51:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:51:22 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 01:56:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:56:37 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:57:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:57:13 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:57:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 76 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:57:38 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:57:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:58:03 - Votación [11:13:36]
- 01:58:24 : 11. Moción do grupo municipal Mixto instando a garantir os dereitos laborais na contratación pública e o seguimento do cumprimento dos prezos concesionais. Expte. Pleno 3676/1101.
- 01:58:39 - Pérez Correa, Rubén
 02:03:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:03:53 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:05:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:06:02 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:06:39 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:10:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:10:14 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:11:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:18:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:18:39 - Pérez Correa, Rubén
 02:18:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:19:04 - Pérez Correa, Rubén
 02:20:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:20:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:20:42 - Pérez Correa, Rubén
 02:22:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:22:44 - Votación [11:38:17]
- 02:22:56 : 12. Formulación de rogos.
 02:23:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:23:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:23:36 - Méndez Fuentes, Oriana
 02:23:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:23:49 - Méndez Fuentes, Oriana
 02:23:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:24:00 : 13. Formulación de preguntas.
 02:24:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:24:26 - Pérez Correa, Rubén
 02:24:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:24:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:25:46 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e vinte e dous minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 21/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
 am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Javier Pardo Espiñeira
 Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 77 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:30	Páxina 78 de 78
3703-1101	CSV: AFACB9-DDEA36-8H45EH-MZQDL7-N5ML2G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		